




ARRAIANOS **3** PRIMAVERA 2005

REPRESIÓN E RESISTENCIA ANTIFRANQUISTA

As Mocidades Galeguistas de Celanova na procura de almas novas nas que poder reencarnar con dignidade. Voluntari@s, achegádevos a www.arraianos.com (en estado embrionario), ou escribídenos a arraianos@arraianos.com

XANELA ARRAIANA	2
LIMIAR	3
A RAIA ESCRITA. HISTORIAS DA RESISTENCIA, ONTE E HOXE Bento da Cruz e Séchu Sendé. Por Lois Codias	4
NEVER FALL IN LOVE WITH A FRENCH BLUESMAN Por Luís Carlos Boullosa	13
LEMBRANZA DO MEU AVÓ Por Hixinio Araúxo	14
UNHA APROXIMACIÓN Á GUERRA CIVIL NA RAIA Por Luís Martínez-Risco Daviña	16
HABELOS, HAYLOS. MEMORIA E HISTORIA Por Emilio Grandío Seoane	19
TESTEMUÑAS DUN DOS DERRADEIROS FUXIDOS Por Xosé R. Cruz	20
VIDA E MORTE DE FOUCELLAS Por Pilar Buela	25
DIARIO E BIOGRAFÍA DUN FUXIDO GALEGO Por Bieito Fernández	26
O IMPOSTO ARRAIANO Por Baldo Ramos, Eduardo Muñhos, Susa Blanco, Raúl G. Pato, X. C. Domínguez	30
EU NUNCA SEREI YO Por Séchu Sendé	35
O FURRIOLO. UN DOS LUGARES PARADIGMÁTICOS DA REPRESIÓN GALEGA Por Julio Prada	38
NON ME MATEDES Por Manuel Veiga	42
A PRISIÓN DE CELANOVA Por Domingo Rodríguez	44
A LER Por Elisa Mosquera	49
LONGA NOITE DE PEDRA Por César Moreiras	50
ELIXIO RODRÍGUEZ. EPOPEA DUN AVIADOR ARRAIANO Por Aser Álvarez	52
UN CADERNO NA CADEA Por Xesús Alonso Montero	55
PEPE VELO. UN GALEGO DE ALMA Por Antonio Piñeiro	56
A ESTELA DA SANTA LIBERDADE Por Óscar Curros	60
LORENZO VARELA. AUSENTE NA MEMORIA DO SEU POBO	62

XANELA ARRAIANA



LIMIAR

O povo quere terra
coma Anteo na fábula.
A terra quere povo
para ser fecundada.
Nunca virá de fóra
remedio ou esperanza.

VIAXE AO PAÍS DOS ANANOS
CELSE EMILIO FERREIRO

¡Tí sólo, Galicia santa!
¡Tí, que no antigo señora,
escrava ximes agora
dos caciques baixo a pranta!
Véndote entre pena tanta,
teus bravos fillos, ¿que fan?...
¿En que pensan? ¿Onde están,
que non collen os fouciños
e botándose aos camiños
a redimirte non van?.

POLA UNIÓN.
MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

Houbo un tempo no que a xente morría pola política. Hoxe a política morre pola pasividade da xente (Proverbio Arraiano)

EPRESIÓN E RESISTENCIA

R

Fuxidos, guerrilleiros, axustizados, asasinados, represaliados, perseguidos, derrotados, aldraxados, comprometidos, resistentes, exiliados, ultraxados... Este monográfico da *Revista Arraianos* vai por todos eles. Polos que creron na II República e polos que deixaron o exemplo do seu compromiso político ante a intolerancia fascista, polos que non recuaron ante o poder dun réxime político asoballante e polos que abriron novos vieiros de esperanza naquela brétima de medos cruzados. Vai por todos os que loitaron o noso futuro. Mais tamén vai por nós, para que coñezamos o pasado e aprendamos a RESISTIR, como fixeron eles en peores circunstancias, e para que sintamos a necesidade de loitar xuntos por un futuro mellor.

Preguntámonos que tería sido deste país sen a guerra de 1936, sen os 40 anos de ditadura e sen o exilio e a morte de centos de milleiros de persoas. Mais ninguén pode respondernos, só os mortos berran no medio da noite, dicindo que non morrерemos nunca mentres sigamos o camiño do ideal que perseguimos. Por iso decidimos mirar atrás e botar unha nova ollada ao pasado, aínda que escoza. Facémolo coa mirada posta no futuro, tomando o exemplo dos que combatiron contra a prepotencia e resistiron ante o avance do fascismo, para proxectar a súa loita no tempo e facela nosa. Porque motivos non nos faltan, só a conciencia de sermos herdeiros da súa forza e dos seus ideais de liberdade. Loitemos polos que xa se foron, por nós, e polos que aínda están por vir. É de xustiza que o fagamos, se queremos merecer a terra que nos viu nacer.



HISTORIAS DE RESISTENCIA

(A raia escrita)

Tralo golpe do 36, milleiros de galegos botáronse ao monte. Uns eran mozos refractarios ao reclutamento masivo imposto polas sedicentes autoridades franquistas e regresaron ás súas casas ao final da guerra. Os outros, republicanos e antifascistas en xeral que fuxían da brutal represión, foron agrupándose pouco a pouco, primeiro para sobrevivir e logo para pasaren ao contraataque guerrilleiro. Moitos destes homes atoparon refuxio ou gaiola nos penedos e aldeas portuguesas da raia seca. Foi o caso do Cambedo, onde se viviu o sonado episodio que nos refire o escritor barrosán Bento da Cruz.

Mais non queremos evocar a resistencia como un fenómeno de arqueoloxía política. A ditadura difusa dos herdeiros do franquismo que actualmente esnaquizan o país esixe novas formas de loita, comezando pola superación do propio nihilismo. Cóntanolo Séchu Sende, un autor fogueado na actividade política e cultural contemporánea.



BENTO DA CRUZ

Nacido en 1925 na aldea de Peirezes, freguesía de Châ, concello de Montalegre, Trás-os-Montes, licenciouse en Medicina pola Universidade de Coimbra e exerceu a especialidade de odontoloxía na súa

rexión natal e no Porto. En 1959 publicou un libro de poemas titulado *Hemopise*, primeira obra dunha vasta serie literaria e ensástica arraiana centrada da terra do Barroso: *Planalto en chamás* (1963), *Ao longo da fronteira* (1964), *Filhas de Lot* (1967), *Contos de Gostofrio* (1973), *O Lobo guerrilheiro* (1980), *Planalto do Gostofrio* (1982), *Histórias da vermelhinha* (1991), *Víctor Branco, escritor barrosão* (1995), *O retábulo das virgens loucas* (1996), *A Loba* (2000), *Guerrilheiros antifranquistas em Trás-os-Montes* (2003). Alén disto, e seguindo unha vella tradición barrosá, fundou despois do 25 de abril o quincenario rexionalista *Correio do Planalto*, que aínda hoxe dirixe.

A BATALHA DO CAMBEDO

Vejamus agora, a traços largos, que isto ja vai longo, o que se pasou no Cambedo na madrugada de 20 de Dezembro de 1946.

(...) Dun modo ou doutro, teria chegado ao conhecimento das autoridades a concentración dos guerrilheiros no Cambedo, ou, mais propriamente, no monte das *Choiás*, a que Demetrio se referiu.

Correu por esa altura, não sei com que fundamento, o boato de que os guerrilheiros teriam agendado para o dia 21 o asalto ao palacete do senhor Domingos Veiga Calvão, em Vilela Seca.

O certo é que, nessa madrugada do dia 20 de Dezembro, uma sexta-feira, os moradores do Cambedo acordaran estremunhados com todos os cães da aldea a ladrar a rebate á porta dos pátios. Assomaram ás janelas e viram guardas-republicanos por todos os cantos e esquinas.

Era o prelúdio da famigerada *Batalha do Cambedo*, cujas sequelas aínda hoje perduran.

(...) Como atrás se disse, logo após os sucessos de Negrões, uns quantos PIDEs, disfarçados de contrabandistas, bateram os concelhos de Montalegre, Chaves, Valpaços e Vinhais á cata do que eles taxavam de *bandoleiros* ou *malfeitores* e de quem os apoiava.

Quando se julgaram suficientemente esclarecidos, forneceram os dados ao Comandante da Companhia da GNR de Vila Real.

Este marcou o dia 20 de Dezembro para o início das diligências.

Ás zero horas desse dia concentraram-se no posto de Chaves uns duzentos guardas-republicanos vindos do Porto, da Régua e de Vila Real.

O Comandante dividiu-os em grupos e destinou um para cada uma das seguintes povoações: Nantes, Mosteiró de Cima, Sanfins de Castanheira, Sanjurge, Couto e Cambedo.

Partiram ás três da madrugada.

O do Cambedo era chefiado pelo Alferes Mota de Freitas. Nele iam integrados os PIDEs Otelo Puga e Joaquim Alves, aquele vindo do Porto e este a prestar serviço no posto de Vila Verde da Raia.

Até Vilarelho, foram de camiã. Daqui para a frente, a butes.

Chegaram ás seis. O Alferes Mota de Freitas postou o pessoal á entrada e á saída da povoação e na frente e nas traseiras das casas suspeitas, a saber: a da *Escolástica*, a do *Adolfo*, a do *Mestre*, a do *Silvino* e a da *Engrácia*.

Mas o pessoal de que dispunha não chegava para as encomendas. Na da *Engrácia*, a primeira á direita de quem entra no povoado, no sentido sul-norte, ficou apenas o PIDE Otelo Puga de vigia á porta da rúa e um GNR nas traseiras. Pelas sete horas, o Alferes Mota de Freitas e o PIDE Joaquim Alves, vêm comunicar que está tudo aposto para um ataque surpresa ao romper o día.

Eles nisto, ouvem-se tiros nas traseiras da casa da *Engrácia*. Acodem todos ao local.

Otelo Puga vanagloria-se de, e passo a citar “por intuição defensiva fi-lo, por nossa felicidade, recuando e de pistola-metralhadora aperrada. Pelo que, depressa me

apercebi de que dois indivíduos, com carabinas em bandoleira e com pistolas na mão, fugiam por entre umas pilhas de achas de pinho, que se encontravam a cerca de trinta metros de nós, juntas a umas medas de palha, num quinteiro de palha defronte da casa de onde tinham partido os primeiros tiros”.


Desfecha-lhes uma rajada.

Os fugitivos atiram-se ao chão e ripostam.

Mota de Freitas, Joaquim Alves e o GNR entrincheiram-se atrás duma parede e atiram também.

Nisto, a palha começa a arder e um dos fugitivos tenta a fuga. Joaquim Alves e o GNR lançam-se-lhe no encalço.

Otelo Puga continua a metralhar o sítio onde o outro se atirara ao chão, não fosse ele alvejar-lhe os colegas pelas costas.



Recomendable publicación promovida pola Asociación de Amigos da República



Demétrio García ao entrar no cárcere, em 1946, e ao sair, em 1965



mesmo tempo. Que a garota está ferida. Que é preciso levá-la ao hospital.

E mostram a perna da menina com a tibia e o peróneo fracturados e expostos, envoltos numa toalha ensanguentada. E o homem da arreata, pai da menina, explica. Estava ele a aparelhar o macho debaixo da varanda, quando uma saraivada de balas varreu a casa, a toda largura. Ele cosera-se instintivamente com um poste de pedra. O macho fugira, espavorido. Mas a menina, que estava na varanda a atirar migalhas de pão às pitas, no suflagrante de se recolher dentro da cozinha, tombara na soleira da porta.

Os guardas duvidam. A casa atingida ficava bem á coroa do povo, a uns duzentos metros ou mais da casa da *Engrácia*, donde se haviam disparado os únicos tiros.

Os populares insistem na urgência de levar a menina ao hospital, antes de que se escoe em sangue.

Os GNRs deixam passar o trio do macho. Os outros que fossem para casa.

Havia ordens de, genericamente, deter todos aqueles que tentassem entrar ou sair da aldeia. Mas este era um caso imprevisto.

Levam os dois camponeses e a menina ao comandante. Este reúne o estado-maior. Discutem demoradamente o assunto. Por fim acordam deixar, por especial favor, posseguir a enferma e os acompanhantes caminho de Chaves, a umas três horas de jornada pedestre.

E com isto se derretem uns cinquenta minutos, findos os quais se ouvem tiros lá para a fronteira, a cerca dum quilómetro de distância, costa arriba.

A operação Cambedo havia sido montada de súa entre as autoridades portuguesas e espanholas. Mota de Freitas sabia que a raia estava guardada por um forte contingente de guardas civis. Conjecturou logo que os fugitivos (nessa altura ainda se supunha que fossem dois) haviam esbarrado nas armas espanholas e retrocedido. Ordena a um grupo de GNRs que bata a colina subjacente á fronteira. E que os outros não descurem as entradas e saídas da povoação.

Acabavam de evacuar o PIDE Joaquim Alves, vem de lá, do fundo dum ribeiro que flanqueia o Cambedo polo poente, no sentido norte-sul, o eco dum tiro. Mota de Freitas envia um GNR a saber o que se passa.

O emisário vai a passo e regressa a correr, todo alvoroçado. Que um dos fugitivos fora morto.

Quedam todos entre espantados e surpreendidos. No fundo ninguém ia a contar com mortes.

Mota de Freitas pergunta se alguém conhece o defunto. Todos o conheciam. Era o Juan, ou *Facundo*.

Neste comenos, chegam os vinte guardas-republicanos que haviam sido destacados para o Couto, sob o comando do Sargento Meireles.

Pelas onze horas principia a revista ás casas. A primeira é a da *Engrácia*. Não topam nada de especial.

Passam á do João Valença, do outro lado da rua. Encontram o José Barroso, filho da *Engrácia*, deitado numa cama a fingir que ressona. Perguntam-lhe por que razão está a dormir em casa da vizinha, em vez de estar em casa da mãe. O rapaz não atina com uma resposta satisfatória. Prendem-no e passam á frente.

Num gesto rápido, o primeiro fugitivo volta-se e mete dois tiros numa perna ao Joaquim Alves. O GNR recua e protege-se. Os outros acodem. Como o segundo fugitivo não tugisse nem mugisse, avançam para ele. Não encontram ninguém. Acorrem a prestar os primeiros socorros ao Joaquim Alves.

Mota de Freitas aproveita para despachar uma estafeta ao Couto a pedir a comparência das forças para ali destacadas e um outro a Chaves a comunicar ao Comandante da Companhia o ocorrido e a pedir o envio de mais forças.

Otelo Puga obriga a *Engrácia* a abrir a porta e a fornecer a identidade dos fugitivos. Ela jura que, lá de casa, não saíra ninguém. Predem-na.

Neste interim, grande alarido lá para a coroa do povo. Mota de Freitas envia dois GNRs a ver o que se passa.

Eles esturgam o passo, rua acima. Á curva da capela deparam com um grupo quase bíblico: um camponês com um macho pela arreata; um outro em cima do macho, escachaperneado na albarda, com uma garotita nos braços; em redor, populares aos gritos.

Os GNRs interceptam-nos e inquirim. Falam todos ao

Pelas treze horas, iam as buscas por alturas do quartel do guarda-fiscal, ouve-se de novo o ladrar duma pistola metrelhadora. Voltam-se todos para as bandas donde os latidos tinham vindo. Vêem um GNR a tropeçar nas próprias pernas, olhos esbugalhados, lívido, sem fala. Rodeiam-no. Ele aponta o pátio de Albertina. Gagueja. Que haviam entrado três. Dois ficaram lá. Ele salvarase por milagre. E quem havia atirado? Não vira. Mas parecera-lhe que os disparos haviam saído dum palheiro. Os GNRs e o PIDE ainda operacional quedam a olhar uns para os outros, atónitos, incrédulos, hesitantes. E agora?

Eis que chegam, vindos de Chaves, os guardas que haviam sido destacados para Nantes, sob o comando do Tenente Santos. Com eles vinha o PIDE Vasco da Rocha Guerra. Parlamentan. Alguém levanta a hipótese de os sitiados se apoderarem das armas, ou mesmo das fardas, dos guardas mortos. Que facer?

Prudentemente, por largo, a coberto de paredes e árvores, cercam um quarteirão de três casas que parecem comunicar umas com as outras.

A dada altura, assoma uma cabeça a uma janela. Otelos Puga intima o curioso a recolher-se, se não quere ser alvejado. O curioso recolhe a cabeça, estende o braço e chispa fogo.

“Mais uma vez fui bafejado pela sorte...” –deixou escrito o Puga, muito ufano pela esperteza de se ter protegido com a umbreira duma porta.

Os outros protegem-se também. O caso estava a ficar sério.

Na bagagem dos recém-chegados de Chaves vinham algumas granadas de mão e bombas incendiárias. O Tenente Santos manda incendiar o palheiro.

Os engenhos são lançados. O palheiro, porém, resiste. Avançam as granadas de mão. Falham também. Então obrigam o Manuel Bárcia a incendiar o palheiro- “e em meia hora tudo ficou reduzido a cinzas, restando apenas de pé as paredes”.

Já no pleno uso da língua, o guarda milagrosamente escapo, acusa uma das donas da casa de lhes ter dito que podiam entrar á vontade, que, ali, não estava ninguém. Trata-se de Manuela Garcia Álvares, irmã do Demétrio e mulher do Manuel Bárcia. Prendem-na. Ela defende-se dizendo que não mentira. Que, em sua casa não estava ninguém. Se houve tiros e mortes, isso foi no patio da sua prima e vizinha Albertina Tiago.

Pregunham-lhe pelo número de *bandoleiros*. Ela responde que ignora.

Obrigam de novo o Manuel Bárcia, como familiar e amigo dos espanhois, a ir buscar os dois guardas mortos e respectivas armas.

Ele, de início, recusa. Ante a ameaça de fuzilamento, obedece.

Mas demora. Arrastar um cadáver ainda quente, de mais a mais dum guarda-republicano, não é tarefa agradável nem fácil. Gritam-lhe que se mexa. Mas ele não tem pressa nenhuma.

Por fim aparece á cancela, ás arrecuas, morto sopessado pelos sovacos, nádegas, pernas e botas a varrer o cisco do chão.

Para aqui! – gritam-lhe detrás da esquina.

Ofegante, o Bárcia alija o cadáver no sítio indicado. Identificam-no. Trata-se do soldado de 1ª classe do posto da GNR de Chaves, José Joaquim, de 34 anos, solteiro, natural da freguesia da Sé-Lamego. Está crivado de balas de alto a baixo. Gritam de novo ao *Mestre* que se despache. Mas ele não se dá por achado. De vez em quando alija o cadáver e limpa o suor da testa ao canhão da véstia. Por fim, com um arranco de desespero e revolta, arrasta o cadáver para a rua principal, onde o comandante e respectivos lugares-tenentes o aguardan, cosidos com as paredes. Identificam-no: José Teixeira Nunes, 37 anos, natural da freguesia de Oliveira-Amarante, casado e pai de três filhos menores. Apresenta, na região posterior do tronco, nove orifícios correspondentes á entrada de outras tantas balas de calibre 9, disparadas a queima-roupa.

Tratam de despachar os dois mortos para Chaves. O Tenente Santos aproveita para pedir a comparência do Comandante da Companhia e o envio de mais granadas.

Enquanto isto, o tiroteio continua. Impossibilitados de sair de casa, pessoas e animais desesperam. Assustadas, as



Manuel Bárcia e Manuela Garcia, ao entrar en prisión no ano 47





crianças choram. Espavoridas, as aves fogem das árvores e as galinhas das eiras. Incomodados pelas bombas e pelos tiros, os cães uivam, incesantemente. Apreensivos e tristes com a morte dos dois companheiros, os guardas só desejam uma coisa: que os espanhóis se rendam e o tiroteio acabe. Mas eles não se renderam, tarde fora, até a noite cair.

Para evitar que eles se aproveitem das trevas para se evadirem, os sitiante incendeiam duas medas de palha situadas defronte da casa da Albertina, do outro lado da rua.

Neste meio tempo, arribam os GNRs que haviam sido destacados para Sanfins de Castanheira, sob o comando do Tenente Antunes. Com eles, o PIDE Helder Cordeiro Alves.

Trazem dois projectores eléctricos. Colocam-nos de modo a iluminar as traseiras da casa da Albertina.

Entretanto, noite dentro, vão chegando: o Comandante da Companhia, Capitão Alexandre Medeiros; um destacamento da PSP do Porto, e, com ele, o PIDE Vitorino Antero Alves; um pelotão de Caçadores 10 de Chaves, especializado em morteiros de campanha.

Instalam o comando no quartel da guarda fiscal, casa de loja e sobrado, com duas janelas. A do norte dá para uma travessa de três metros de largura. Do outro lado ficam duas cancelas contíguas. A primeira de acceso ao eido do Manuel Bárcia; a segunda ao quinteiro de Adelaide Teixeira, donde, a espaços, vêm rajadas de pistola metralhadora.

O comandante em capo ordena a um agente da PSP, vindo do Porto, que arremesse granadas de gás lacrimogénio sobre o “covil dos bandoleiros” cujo número toda a gente calcula nuns seis ou mais.

Mas o vento pica do norte e vira o feitiço contra o feiticeiro. Desistem.

A noite, sem lua, está gelada. Uns sopram ás mãos, outros batem os pés no chão. Há quem, sorrateiramente, deslize para dentro dos pátios, dos estábulos, dos palheiros e se recoste ás paredes, armas em descanso.

No quartel da guarda-fiscal há uma braseira. Os maiorais avivan as brasas e trocam opiniões. Todos concordam em que eles não têm qualquer hipótese. Ou se rendem ou morrem. É tudo uma questão de tempo.

Dos habitantes do Cambedo, raro é aquele que consegue pregar olho.

Pelas cinco horas, o palheiro incendiado extingue-se de todo.

O comandante recorre de novo a um PSP perito em foguetes luminosos. Estes, porém, chegam ao fim e o dia não há medio de romper.

Então o PIDE Vitorino Aires oferece-se para incendiar outra meda de palha existente no local. O comandante aceita o alvitre. Mas a tarefa não é fácil, dado que o alvo fica no raio de acção das balas inimigas.

O Vitorino aproxima-se o mais que pode e lança um fachuco de palha embebido em petróleo. Com tão boa fortuna que a meda se incendeia.

A aurora encontra o Cambedo transformado em campo de batalha: quartel-general, elementos de ligação entre os vários sectores, tendas de campanha, trem de abastecimentos, apoios logísticos, posto de primeiros socorros.

Aperta-se o cerco á antiga morada da familia Bárcia, agora subdividida em três facções autónomas: a do *Mestre*, a da sua irmã Adelaide, casada com um guarda-fiscal de nome Octavio e a da sua prima Albertina: todas elas contíguas umas ás outras e comunicantes entre si pelos respectivos quinteiros.

O PIDE Vitorino Aires, um PSP e um GNR conseguem entrar nos baixos da casa da Albertina. Mas ao tentarem subir ao primeiro piso, ouvem zunir as balas rente ás orelhas e põem o corpinho a salvo. Então o comandante manda evacuar todas as casas em volta do quarteirão dos Bárcias, que vai ser bombardeado.

Os soldados de caçadores 10 instalam-se num morro rochoso sobranceiro á povoação, a uns cento e cinquenta metros para nascente, e despejam uns trinta morteiros sobre o alvo.

A folhas tantas, aparece um homem de pistola-metralhadora em punho em cima dum telhado.

Os artilheiros apontam-lhe os canhões. O homem desaparece. Os morteiros calam-se.

O silêncio no quarteirão é tão profundo e prolongado que todos se convencem de que os *bandoleiros* estão todos mortos.

Aperta-se de novo o cerco.

O PIDE Vitorino Aires e três polícias adiantam-se para o reconhecimento.

São recebidos a tiros e recuam.

Felizmente para eles, sem mazela de maior. Apenas um pequeno arranhão na face do PIDE, causado por uma pequena lasca de pedra que saltou sob o impulso duma bala.

À vista disto, o comandante manda alargar de novo o cerco. E os morteiros recomeçam.

A dado momento, grande alarido do outro lado da rua.

O comandante manda fazer sinal aos soldados para suspenderem o bombardeamento e acorrem todos a ver o que era. Um rebo que um morteiro fizera saltar dum muro e atingira um PSP no peito.

Correm com ele em charola para o posto médico.

Reata-se o bombardeamento.

Ao cabo duns setenta morteiros despejados sobre o quarteirão, dele não restam mais que ruínas fumegantes.

É tempo de apalpar de novo o terreno.

Ansiosos por mostrar serviço e subir na hierarquia, os PIDEs estão sempre na brecha. Vitorino Aires, acolitado por um grupo de PSPs e GNRs mais afoitos, entra no pátio da Albertina e descarrega uma rajada de pistola metralhadora contra uma porta que ainda se encontra intacta e fechada. Como ninguém responde, avança para ela.

De chofre, vem detrás da porta uma descarga traiçoeira. O PIDE dá um corcovo instintivo para o lado e corre para trás duma parede.

Sente um arrepio na perna esquerda. Levanta a calça para ver o que era. Uma bala que lhe varara a coxa de lado a lado, logo acima do joelho. “Olha que sorte; -suspira ele, ao reparar em mais cinco buracos no sobretudo...

Como certos animais que se encarniçam á vista de sangue, volta á carga desta feita contornando o muro pelo lado de fora, não fose o diabo tecê-las.

Repara num rombo de morteiro na parede, que se lhe afigura no enfiamento da porta donde havia sido alvejado.

Mete o cano da pistola-metralhadora no buraco e despeja o carregador.

Enquanto aguarda resposta, ouve alguém gritar:

Lá vai um!

Volta-se e enxerga um indivíduo a fugir em direcção ao monte. Lança-se-lhe no encalço.

Mas já um guarda-republicano traz o homem catrafilado pela gola do casaco. Apenas um pacífico habitante do Cambedo que, aterrorizado com tanto morteiro e tanto tiro, dera ás de Vila Diogo.

Como a perna lhe continuasse a sangrar, o PIDE requisita uma toalha e ata-lha.

Os camaradas levam-no, quase á força, ao posto de primeiros socorros. Um médico faz-lhe o primeiro tratamento e aconselha a evacuação para o hospital de Chaves. O ferido jura que não sai do Cambedo sem se vingar. E volta ao campo de operações.

Mas eis que a perna se lhe enteiriça e recusa a andar. Embora contrariado, o Vitorino Alves consente na evacuação.

A esse tempo, já os PSPs especializados em bombas incendiárias haviam conseguido lançar fogo ao que restava do palheiro e afins. Do montão de ruínas restam apenas um lagar e um pequeno forno intactos, a poucos metros um do outro. Conseguem colocar metralhadoras no enfiamento dessas dependências. Estabelece-se um pingue-pongue de tiro vai, tiro vem, que parece nunca mais ter fim.

Pelas dezaseis horas surge ao cimo das escadas da casa contígua á da Albertina, um sujeito de certa idade. Prendem-no. É o Primitivo Garcia Justo, pai do Demétrio. Enquanto o interrogan, o ataque ao lagar e ao forno intensifica-se. Descargas de metralhadora, granadas de mão, bombas incendiárias, disparos de carabina.

Os espanhois vão respondendo. Parcimoniosamente, como quem poupa munições.

Até que se calam de vez.

Os atacantes supendem o fogo e aguardam, prudentemente.

Nisto, aparece á boca do forno um lenço branco. Pouco depois sai o Demétrio, de mãos no ar.

Primeiro algemam-no. Depois abofeteiam-no.

Preguntam-lhe pelos companheiros. Responde que lá dentro está só o cadáver do seu camarada Garcia, que se tinha suicidado.

(Bento da Cruz,
Guerrilheiros antifranquistas em Trás-os-Montes,
ed. Barrosana EM, 2003)





SÉCHU SENDE

De Padrón, colleita do 72, comezou publicando un libro de poemas: *Odiseas (Letras da cal, 1998)*. Con *Orixe*, a súa primeira novela, acadou o Premio Blanco Amor 2003. Na actualidade dá clases de Lingua e literatura galega no IES Marco do Camballón de Vila de Cruces. É colaborador desta revista.

Orixe, a obra da que seleccionamos eiquí uns fragmentos, é unha novela que, en palabras do autor: “relata a situación de morte e enfermidade dun persoaxe que se atopa nun momento persoal de vertixe. Non ten equilibrio nin perspectiva propia. Non pode mirar aos lados nin ao ceo. E a través doutras persoas, como a súa compañeira, loita contra esa situación a través do ideal de liberdade de actuar como persoa. Despois hai outras historias, nun plano máis social, como a dun apicultor que se configura como líder dun movemento libertario, as traballadoras dunha conserveira que se rebelan contra o xefe que as maltrata, ou unha muller que ten a capacidade de cambiar as cousas de sitio”. Todo acontece nun tempo indeterminado e nun país occidental inominado co que os galegos podemos identificarnos facilmente.

cultor en calquera ferraxaría do país para converterse no home do traxe de apicultor, sabía exactamente como cumprir a vontade do pobo. Era como se estivese programado, como calquera abella que sabe exactamente onde ten que ir e o que ten que facer cando sae dunha colmea.

(...) Como era de esperar, os medios de comunicación foron o peor enemigo do home do traxe de apicultor. Difamaban. Mais, con todo, moitos cidadáns comezaron a difundir o mito da pureza do heroe. Un terrorista? Unha persoa malvada nunca vestiría un traxe branco de apicultor nin lograría que as rosas flotasen, dicían. É outra cousa.

Converteuse nun símbolo de liberdade. Calquera soño pode cambiar a nosa vida. Esta era a lección do home do traxe de apicultor, calquera pode transformar o mundo. E as súas palabras eran convocatorias para soñar entre moitos o mesmo soño, o da liberdade.

Pode que o home do traxe de apicultor se chame Alfonso ou Daniel. Talvez sexa unha muller de nome María ou Lucía. Nos seus manifestos sempre explicou que el só era un deses veciños que mercan caraveis nos mercados das flores e a quen o vento lle rompe os parau-gas, até que un xoves descubriu no voo dunha abella o seu poder máis humano: a imaxinación.

Cando comprendeu que a súa capacidade para soñar era útil, descubriuse poderoso e invencíbel. E averiguou que o valor, o corazón e as ideas medran nos soños.

UNHA FOUCE NON FAI SEGA

Hai dous meses o home do traxe de apicultor actuou simultaneamente en dous puntos distanciados do país. Isto fixera sospeitar ás forzas de seguridade que un deles era un imitador, un arribista, un epígo-no. Moi pouca xente, ao principio, chegou a imaxinar que aqueles dous homes do traxe de apicultor non eran o primeiro home do traxe de apicultor. Eran outros. Daquela os que coincidiran en saír co traxe á mesma hora foran unha profesora de matemáticas e un camareiro.

O home do traxe de apicultor que voou con xelamonita a central eléctrica e lle devolveu a auga á fervenza de Ícaro fora un mariñeiro de Máis.

O home do traxe de apicultor que estourou un camiión cisterna de xurro diante da casa do maior cacique da provincia de Lago fora a dependenta dun supermercado.

Quen sabotara a emisión da televisión pública á hora do informativo das 21:00, filtrando unha reportaxe sobre os remedios da apicultura contra a peste da varronase nas abellas –hixiene, limpeza, etc.- fora un técnico da propia compañía que esa mesma noite partiu cara o exilio. O director da Televisión dimitiu ao día seguinte e o xefe de informativos e o realizador foron cesados.

O primeiro en poñer o traxe seguía escribindo manifestos e comunicados e outros moitos e moitas foron sumándose a construír o camiño da liberdade de forma comunitaria. E era un camiño tan ben iluminado coa luz da xustiza que nunca houbo contradicións nin erros nin desorganización nas múltiples accións do home do traxe de apicultor.

Era como unha revolución que se transmitía por instinto, como se cada home do traxe do apicultor soubese que facer e como e cando e por que sen contradicións. O país era como unha colonia de abellas onde cada unha sabe en todo momento o que ten que facer.

E o azar parecía estar de parte da revolución. Nas cartas aos xornais e nos manifestos que fora escribindo o home do traxe de apicultor comunicábanse tan precisamente as esperanzas e narrábanse de xeito tan emocionante os soños que cando alguén mercaba un traxe de apicultor

(...) Cada día aparecía por todo o país, dunha ou doutra forma, a pegada do home do traxe de apicultor. Cando a rosada aurora acariñaba a nación coa luz dos dedos, nos máis diversos lugares retirábase o pano da noite sobre un novo grafiti ou un mural, ou aparecían panfletos, cartaces, fotografías e diversas representacións do mundo das abellas.

En calquera aldea, vila, cidade, camiño, estrada, autoestrada, campo, prado, ponte, aparecían as imaxes da rebelión contra a Ditadura.

Cada amencer era o soporte para unha obra de arte común, creada por centos de persoas. Dicíase que na clandestinidade a xente da cultura e a arte se reunía en asembleas e que decidiran facer do país o maior museo do mundo.

A maior galería de arte efémera ao aire libre.

Un día apareceu na praia de Marinho unha exposición de esculturas, con máis de cincuenta obras anónimas en madeira, cobre, ferro, granito, terracota, etc.

Dixeran que as trouxeran en barcos desde Antes.

Todas arderon e se deformaron alí mesmo, na praia, bañadas en gasolina polas BPS, as Brigadas da Policía Secreta.

Outro día, apareceron pendurados dos carballos dunha fraga das aforas de Lago máis de douscentos poemas sen asinar, manuscritos por mans diferentes. Cada árbore tiña o seu broche de papel con palabras sobre a liberdade. Disque foran os escritores e escritoras do país e que a instalación logrou permanecer máis de medio día, até que as forzas da orde recibiron un sopro e arrincaron todo, logo de que varios centos de persoas puidesen ler as palabras contra a Ditadura, todas elas asinadas polo home do traxe de apicultor.

Outro día apareceu pendurada polas rúas da zona vella de Si unha colección de máis de mil fotografías sobre o mundo das abellas asinadas por fotógrafos de toda Europa.

Era a arte máis efémera da historia. A Ditadura facía por retirar as imaxes da disidencia no menor espazo de tempo coa maior dilixencia posíbel.

Mais cada un destes actos de rebeldía corría de voz en voz, de vila en vila, de cidade en cidade, e, daquela, a xente que non puidera ver a exposición de fotos ou ler os poemas ou tocar as esculturas ou mirar as imaxes censuradas, daquela, a xente podía imaxinalas. E nada hai máis forte que o poder da imaxinación. Porque é libre. E porque permitía, a todo o mundo que quixera facelo, volver crear, reinventar as obras –as cores, as formas, as texturas– que os artistas lle entregaban á xente e que a Ditadura destruíra.

(...) APREZADA SOFÍA:

O noso país está mudando. Sabía que a estas alturas da historia algunhas televisións europeas, entre elas algunha canle aí en Alemaña, xa emitiran noticias e reportaxes sobre o home do traxe de apicultor, mais non podía imaxinar a potencia do voso estado de ánimo que, segundo me contas na túa carta, é de ilusión e de euforia contida. Como contas, a xente do exilio e da emigración tamén soñades co final da Ditadura na nosa terra. Sentímosvos forte aquí dentro desta nosa lata de conservas, connosco, facendo forza por abrila. Grazas.

Eu o que che pododo dicir é que por aquí cada día hai máis xente que empeza a crer que o final da Ditadura é o mellor camiño para todos e todas. Xa sabes que o vello Ditador ten a simpatía de gran parte da súa xeración e especialmente nas zonas rurais onde calquera tipo de autoridade é respectada de forma sumisa e indiscutíbel. Xa sabes, levoulles unha paga, luz, auga potábel e asfalto e iso para moita xente era a máxima expectativa de progreso. Mais, nas cidades e nas vilas, o home do traxe de apicultor conseguiu que as xeracións máis novas volvan crer na política e na participación dos cidadáns e das cidadás como a mellor forma de cambiar o mundo. De ter liberdade.

Sabes, as vendas de traxes de apicultor aumentaron un mil por cento nos últimos tres meses. O goberno chegou a prohibir a súa comercialización. E din que confiscaron todos os que estaban nas ferraxerías, nas tendas agrícolas e nos almacéns. É surrealista, verdade? Sei que xa comezaron a entrar clandestinamente polas alfándegas do país. A quen se lle conte... Os rexistros da policía e do exército nas nosas fronteiras procuran de forma paranoica traxes para a apicultura. Din que está máis penado que o alixo de droga ou armas. Hai dúas semanas no porto de Marinho descubriron un barco que viña de Irlanda con dúas caixas de traxes e o capitán e a tripulación seguen en prisión. Ninguén pode velos, están illados no cárcere de Laio, é polo da lei antiterrorista. Disque foron torturados.

A xente volve mirarse aos ollos. E escoitámonos falar. Respectámonos máis que antes. Sentímonos coa responsabilidade de cambiar este réxime autoritario e déspota. Por nós e os nosos fillos e fillas. Temos razóns e emocións comúns. Desde que apareceu o home do traxe de apicultor a palabra liberdade significa algo diferente para nós. Está pintada nos muros, nos cadernos dos nenos e das nenas e escóitase nos bares e nas mercerías. Moitos profesores e profesores atrévense a buscala cos seus alumnos nos dicionarios e nas enciclopedias. É algo real. Podemos tocala case coa punta dos dedos. E aquí estamos, volvemos a crer que os soños poden cambiar o que nos agarda. É unha sensación extraña. Como

*Venmos na procura do trevo, da macetra, da queiroa,
 Venmos cara ao chuchamel, o castiñeiro, a ameixet-
 ra, a cerdeira e a mimosa.
 As flores rebentan por nós.
 Está chegando a primavera.
 O mundo agárdanos.
 Defenderemos un ensino para a cidadanía responsá-
 bel, reflexiva, crítica e creativa.
 Porque a ditadura teme a enerxía creativa da educa-
 ción.
 Teme a corrente participativa da sociedade.
 Teme unha infancia e mocidade formada para a re-
 belión contra a violencia do autoritarismo.
 E teme os nosos sonhos.
 Esta é unha chamada á comunidade
 O profesorado xa non pode ficar á marxe da crise so-
 cial, da histeria, do virus.
 Fronte ao escepticismo e o pesimismo paralizante, cre-
 mos na educación como impulso de transformación social.
 Fronte á pasividade, participación...
 Fronte ao fascismo, rebelión.
 Liberdade para todos e todas.*



O home do traxe de apicultor

se puidésemos predicir soñando o que vai suceder. Como se soñando o mesmo entre moitos puidésemos realizar unha parte proporcional dos nosos soños. Entre todos e todas, podemos facer que a Ditadura finalice. Podemos cambiar o que parecía imposíbel cambiar. Porque conseguimos abrir unha porta: a da Liberdade. Cun pouco máis de esforzo conseguiremos cruzala.

É como se recuperásemos o futuro. E está-molo conseguindo entre moitos e moitas, esa é a forma máis segura de que todo isto se converta en verdade, en realidade. Desde que a policía asasinou a Isaura Dodro en Ferros, os homes e as mulleres do traxe de apicultor multiplicáronse por todas as partes. Sara, unha enfermeira da planta de oncoloxía, comentoume que o outro día no teatro, ao rematar unha obra da compañía Chévrolet, todos os actores e actrices saíron a agradecer os aplausos vestidos co casaco de apicultor. E que o público se levantou dos asentos e aclamou durante máis de vinte minutos. E o mesmo antonte, nun concerto de Oríxem, todo o grupo acabou tocando co traxe de apicultor a última peza, eu non estaba, mais sei que foi o delirio. Até que ao final cargaron os antidisturbios. Din que a BPS está entrando a rexistrar de noite algunhas casas. Mais a xente sabe esconder moi ben o seu tesouro branco de algodón. A súa dignidade, a súa vida. Moita xente perdeu o medo, e moita outra estaon perdendo. Ao vello Ditador quédalle pouco.

(...) "A Cidade do Descanso Eterno, asolagada polo mar"

Eran os titulares dos xornais.

Tratábase da última acción do home do traxe de apicultor, e desta vez fora contra o símbolo máis representativo do réxime, unha aguillada no corazón mesmo do Ditador: a planta de residuos humanos, a fábrica da morte de Lapido.

Cinco explosións abriran varias fendas na Cidade do Descanso Eterno, e o mar entrara nas instalacións do xigantesco depósito de cadáveres crioconservados de Lapido, nunha marea viva tragando centos e centos de corpos. Era novembro e milleiros de cadáveres apareceron aboiano fronte á costa. As praias, os coídos, os cantís, as furnas, os portos víronse invadidos por unha marea de mortos.

As explosións afectaran a zona de almacenaxe que se estendía pola beiramar. Eran os compartimentos máis caros. As bombas foran colocadas precisamente alí, na zona máis restrinxida, nas unidades de conservación de luxo, onde descansaban os corpos dos mortos ilustres: millónarios anónimos, grandes empresarios, magnates, políticos, artistas... A xente chamáballe a "Suite mortal". Un hotel de cinco estrelas para os cadáveres das persoas máis ricas do planeta. No deseño daquel tramo do depósito participaron os mellores arquitectos do mundo e construírse con paredes de cristal reforzado con vistas ao mar e ao solpor. A xelamonita rebentara aquela arquitectura funeraria e o mar penetrou, asolagou e destruíu o interior da colosal urna de cristal. Coa súa man tomou os cadáveres e levounos con el nos brazos das correntes mariñas. Algúns barcos saíron a recoller os cadáveres flotantes coas súas redes. Os restos humanos foron varando na costa durante días, semanas e meses.

Nunha das praias de Lapido o 1 de decembro apareceu un traxe de apicultor.

(Séchu Sende, *Orixe*, ed. Galaxia, 2004)

ESCOLMA DE TEXTOS DE LOIS CODIAS



LUIS CARLOS BOULLOSA

NEVER FALL IN LOVE WITH A FRENCH BLUESMAN





Ricardo Varela, primeiro sentado pola dereita, e outros compañeiros de traballo en Cuba. Principios do s. XX

I

Ricardo Feijóo Varela, “Maus”, naceu en Moreiras (Celanova) en 1875. Estudou cos pais escolapios no mosteiro de Celanova até o bacharelato, renunciando logo a proseguir a carreira para facerse sacerdote.

Ao rematar o servizo militar en Vitoria dirixiuse a Bilbao para traballar como carpinteiro e cursar estudos na prestixiosa Escola de Artes e Oficios, destacando como debuxante. Foi en Bilbao onde entrou en contacto cos ideais socialistas que irrumpiran nas zonas máis industrializadas da península e entablou amizade coa familia de Alexandre Bóveda, cuxo pai era tamén emigrante e carpinteiro, relación que perduraría no tempo.

Retornou a Ourense por un periodo breve, pois elixiu de novo o camiño da emigración. O seu primeiro destino foi a illa de Cuba, despois Buenos Aires e de novo Cuba. Co estalido da 1ª Guerra Mundial, os EE.UU. abriron as fronteiras aos inmigrantes, unha oportunidade que aproveitou Ricardo para desembarcar en Nova Iorque, sempre traballando no seu oficio e adquirindo novos coñecementos.

Por fin, a principios dos anos vinte, voltou a Celanova, casouse con Carmen Montes e tivo dous fillos: M^a Rosa e Raimundo.

O país estaba en plena ebullición política pola degradación da ditadura de Primo de Rivera. Con outros compañeiros alugou un local na rúa Pardo Bazán e fundou a Casa do Pobo de Celanova. Foron anos de intensa actividade política que desembocaron na proclamación da II República e posteriormente no triunfo electoral da Fronte Popular. Mais todo se trincou coa sublevación de Franco, que a Ricardo lle arrebatou compañeiros máis xóvenes, encarcerados e asasinados pola barbarie fascista.

A ameaza da cadea penduraba sobre el, e fóronlle confiscados todos os seus bens namentras non pagara a multa que se lle impuxo por ser socialista e demócrata. Foi obrigado polas autoridades municipais a facer os marcos para os retratos dos sublevados, e por precaución queimou os libros que o puideran significar como non afecto ao réxime.

Malia súa condición de represaliado e do seu delicado estado de saúde, déulle refuxio a Mariano Otero Castela (sobriño do líder galeguista) e a Xosé Velo Mosquera antes de cruzaren a fronteira cara ao exilio, amosando valor e solidariedade con outros perseguidos pola besta fascista.

No momento da morte foi fiel aos seus principios renunciou ao “consuelo espiritual” do crego da parroquia (os funerais civís eran unha institución no PSOE para remarcar o seu laicismo militante).

UNHA APROXIMACIÓN Á GUERRA CIVIL ESPAÑOLA NA RAIA



O estalido da Guerra Civil española porá a proba os lazos de solidariedade existentes nas poboacións *raianas*. Pese ás ameazas e forte represión exercidas contra os habitantes da fronteira por parte das ditaduras (quer salazarista, quer franquista) as tradicionais relacións de veciñanza dos pobos fronteirizos, así como a súa particular visión do mundo, farán fronte a esta presión sen reparar, nos máis dos casos, en fonduras e disquisicións ideolóxicas. As tentativas de aniquilar calquera iniciativa que buscara deseñar un mundo e unha sociedade dende un ollar diferente aos intereses das oligarquías sustentadoras dos fascismos imperantes na Península Ibérica, tropezarón cunha hospitalidade de tradición cuasi secular. A acollida que moitos fuxidos atopan nos pobos raianos, non vai estar exenta de perigos para os habitantes destas poboacións que, como veremos máis adiante, sufrirán as consecuencias deste seu apoio solidario.

...ninguén debe esquecer que moitos españois empregáronse a si mesmos, buscando refuxio nos pobos e aldeas veciñas, para fuxir das nefastas consecuencias da Guerra Civil. Existe unha longa tradición, tanto en portuguesas como en españolas, de cruzar a fronteira na procura da liberdade que se nega nos respectivos estados. Quizais o caso máis salientábel sexa o do bispo de Ourense, cardinal don Pedro de Quevedo, quen en 1812 busca refuxio en Tourem (Montalegre-Portugal), na altura pertencente á diocese auriense, ao ser acusado de antipatriota polo goberno liberal. Carlistas, liberais, cabralistas e miguelistas usaron estes vieiros irrespectuosos cos artificiais lindes pactados polos estados, cando as circunstancias e avatares da política así o esixían. Camiños de veciñanza, de amoríos, de amizades e enemizades entre aldeas, do contrabando que agora añoramos romanti-

camente mais que, en realidade, reflectía a urxencia de cubrir as necesidades máis elementais á marxe das políticas economías deseñadas polos respectivos estados.

Durante a Guerra Civil española, dous son os tipos de personaxes que cruzan a *raia* en busca de refuxio. Aqueles que por mor do seu posicionamento político temen, con razón, das represalias dos golpistas. E os que, simplemente, non queren loitar na guerra. Por certo, entre estes últimos había numerosos partidarios do xeneral Franco. Hainos tamén que, temerosos quizais da actitude que adoptaría o goberno portugués, cruzan a fronteira como etapa intermedia na procura dun destino máis seguro en América ou nos estados democráticos de Europa. O certo é que uns e outros atoparon hospitalaria acollida entre as xentes da outra beira da *raia*, que non preguntaban os motivos que tiñan para fuxir. Incluso foi frecuente que coincidiran nun mesmo refuxio persoas de ideoloxías opostas, traballando nas minas de volframio, colaborando nas tarefas do agro e/ou participando, gracias ao seu coñecemento do terreo, en actividades relacionadas co contrabando. Esta última actividade e certos asaltos (algúns deles organizados e executados polas forzas policiais dos respectivos estados) permitiu que os réximes fascistas, que xa de por si trataban aos adversarios políticos de simples malfeitores e criminais, disfrazaran unha persecución política coma unha loita contra bandoleiros e delinquentes comúns.

O Portugal salazarista, posicionado a prol de Franco, non vai outorgar o estatuto de refuxiado aos españois que cruzan a fronteira. Segundo Fernandes Alves¹, durante a Guerra Civil española, 581 españois foron entregados ás autoridades franquistas pola P.V.D.E. (futura P.I.D.E. ou Policía Política de Salazar). A esta cifra haberá que sumar as numerosas *entregas* non oficiais realizadas por algunha autarquía local lusitana ás autoridades españolas, como a labor represora e delatora realizada polo Presidente da Cámara de Chaves e dirixente salazarista, Dr. Borges. Gordón Ordás, embaixador do goberno republicano en A Habana, escribirá ao goberno portugués criticando o trato que os refuxiados españois reciben por parte das autoridades portuguesas. Fuxidos perseguidos polos montes, que unha vez cazados son entregados ás autoridades fascistas españolas, feito que contrasta coa permisibilidade do goberno lusitano para que grupos de *falangistas* penetren en territorio portugués para capturar aos enemigos políticos do réxime franquista. Incluso despois da guerra, tropas policiais e militares españolas terán permiso para que, conxuntamente con efectivos policiais e militares portugueses, penetren en Portugal para apreixar e asasinar fuxidos, cousa que molestaba a non poucos membros das forzas armadas e policiais portuguesas.

Fronte á actitude de estreita colaboración das autoridades, contrasta a solidariedade de amplos sectores da poboación. Dende estruturas politicamente organizadas, temos que salientar o apoio da clandestina **Alianza Democrática Portuguesa**, de tendencia esquerdistista, que colabora con numerosos fuxidos e, incluso, presta apoio loxístico aos grupos guerrilleiros españois que se ocultaban en territorio lusitano. Mais o certo é que en numerosas ocasións, as axudas que se prestaban aos refuxiados nada tiñan que ver con posicionamentos ideolóxicos e si coa crenza na bondade do ser humano. Para exemplo temos ao Padre Afonso Baptista² de Vila da Ponte (Montalegre), quen defendía publicamente a acollida aos refuxiados, chegando incluso a se enfrontar abertamente á policía para liberar algún fuxido que ía ser entregado ás autoridades españolas, un feito que con certeza supuña o asasinato do infeliz nada máis cruzar a fronteira. A fin de quebrar esta rede de axuda, as autoridades policiais portuguesas e españolas combinan a represión con estratexias de descrédito dos fuxidos e unha maior presión contra das actividades económicas propias da fronteira, cunha menor tolerancia do contrabando. A propia P.V.D.E., en colaboración con elementos *falangistas*, artella accións de sabotaxe e bandolerismo, das que se culpa aos refuxiados e fuxidos políticos, para tentar de debilitar o apoio solidario que estes, fosen ou non guerrilleiros, estaban a recibir por parte do pobo. Un bo exemplo do que estamos a falar é o *affaire* do asalto á camioneta de Braga, do que se culpará ao grupo do *Juan* e que dará pé aos acontecementos de O Cambedo o 20 e 21 de decembro de 1946, cando esta pequena aldea *raiana*, antigo pobo promiscuo pertencente ao concello Chaves, foi violentamente atacada³. Aínda hoxe podemos contemplar as pegadas, físicas e psicolóxicas, do acontecido hai 50 anos: casas arrasadas e con impactos de bala, e o que é peor aínda, medo na xente, medo a falar do que aconteceu. Este silencio é a máis triste pegada daqueles anos de represión. As represalias sufridas polos habitantes de Cambedo non son un feito illado, non se trata dunha mera e simple anécdota. Ducias de habitantes do Barroso, de Chaves, así como doutras zonas próximas á *raia* sufriron nas súas propias carnes o temor a ser detidos e interrogados pola policía política.

Este posicionamento colaboracionista do goberno portugués ven *xustificado* pola sinatura, o 17 de marzo de 1937, do *Tratado Luso Espanhol de Amizade e não Agressão*, coñecido como “*Pacto Ibérico*”, que vai oficializar o que de feito xa acontecía: que as forzas de seguridade portuguesas entregasen ás españolas aos refuxiados sospeitosos de simpatizar coa II República, que, nos máis dos casos, foron asasinados no intre da súa entrega. Esta actitude de colaboración, na opinión de Adriano Moreira⁴, é conforme á concepción da orde internacional dos conservadores europeos (incluso os non fascistas), cuxa estabilidade consideraban ameazada polo soviétismo. O dictador portugués Salazar afirma na *Assembleia Nacional*⁵: *Em todos os domínios onde era livre a nossa acção, ajudámos no que pudemos o nacionalismo espanhol e a civilização cristiã... Despendemos esforços, perdemos vidas, corremos riscos, compartilhámos sofrimentos; e não temos nada a pedir nem contas a apresentar. Vencemos – eis tudo.*

Como podemos observar, ben diferente foi a actitude do pobo con respecto da adoptada polos gobernos. Castelao e Suárez Picallo, deputados nacionalistas nas Cortes da República, envían unha carta aberta ao presidente Oliveira Salazar, reproducida no nº 2 da revista *Nova Galiza*, Barcelona⁶, e cuxo significativo contido fai que a reproduzamos na súa integridade.

Sabe vostede que na Galiza -¿aínda irmán de Portugal?- cometéronse moitos miles de asasinatos. Masacróuse o millor e o máis enxebre da nosa mocidade. Fusiláronse a centos de mulleres. Matáronse a rapaces cheos de vida en presenza dos seus pais. As estradas aparecían, e aínda aparecen, diariamente, oureladas de cadáveres desfeitos que non poden identificarse. Sácanse da cadea os presos inocentes para seren asesiñados pola noite. As autoridades ordeaban fusilamentos sin previa formación de causa. En fin, abonda dicir que era un honor ser xuzgado e fusilado “oficialmente”. Sabe vostede que falamos en tempo pasado pero aínda hoxe sigue a masacre dos cidadáns galegos. Polos xornaes da nosa terra -sometidos ao control militar- verá vostede a insaciabel criminalidade dos seus aliados e amigos. Sabe vostede que para reconstruir o noso fogar desfeito cicais non nos chegue máis que a reserva de galegos que andan polo mundo. Pois ben; estes galegos vengarán aos nosos mártires e crearán unha nova Galiza que xa non medirá sonetos en loubor de Portugal. ¿Cree vostede que os galegos -enloitados pra sempre- poden vivir sin maldecir?. Pois nos decimos que vostede causou o loito de moitas familias galegas por non abrir xenerosamente as portas de Portugal. E decimoslle máis: vostede será para os sobreviventes de Galiza algo menos que un asesiño, será un cómplice de asesiños.

Mais, que fixeron os triunfadores da II Guerra Mundial, que fixeron para liberar aos pobos da Península Ibérica do fascismo derrotado en Alemaña e Italia?. Non ben rematada a II Guerra Mundial comezan as tensións que daran pé á Guerra Fria, e os réximes fascistas da Península Ibérica, decididos anticomunistas, poden ser aliados necesarios. Polo tanto, os resistentes anti-fascistas, quer españois quer portugueses, son abandonados por uns aliados aos que tiñan axudado pondo en perigo as súas vidas. Non esquezamos o contrabando de wolframio, produción que no caso español estaba controlada polos alemáns para abastecemento da súa industria bélica, e cuxo contrabando desasbetecía a industria nazi ao tempo que fornecía desta estratéxica materia prima aos aliados. Ou as redes de evacuación de pilotos aliados, que logo utilizaría a propia guerrilla. Mais para comprender esta traizón debemos ter presente que tanto a resistencia portuguesa, a clandestina *Alianza Democrática de Portugal*, como a guerrilla española, no noso caso a *Federación de Guerrillas de León-Galicia*, estaban controladas polo Partido Comunista.

LUÍS MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA

¹ Fernandes Alves, J. *O Barroso e a Guerra Civil de Espanha*. Cámara Municipal de Montalegre. 1981.

² Para máis referencias ao P. Baptista, ver José dias Baptista “A Guerra Civil española e os barrosões” en *O Cambedo da raia 1946. Solidariedade galego-portuguesa silenciada*. Asociación de Amigos da República de Ourense.2004.

³ Godinho, Paula. “O grupo do Juan e a importancia da rede social”. *A Trabe de Ouro*, nº 16. Santiago de Compostela. 1991. Tamén pode consultarse a testemuña de Domingos Fernández do Espírito Santo publicada en *O Raiano*, nº 4, recollida no nº 17 de *A Trabe de Ouro*, 1993. Unha visión máis completa e revisada destes acontecementos en *O Cambedo da raia 1946. Solidariedade galego-portuguesa silenciada*. Asociación de Amigos da República de Ourense.2004.

⁴ Conferencia impartida no curso de verán *Estratégias de colaboración na raia durante a guerra e a pós-guerra española: 1936-46*.

⁵ Discurso pronunciado o 22 de maio de 1939. Referencia tomada do discurso de Adriano Moreira.

⁶ Carta tomada da obra de Carlos Fernández *El alzamiento de 1936 en Galicia*. Edicións do Castro. Sada. 1987 (4ª ed). Pax. 607-608.

HABELOS, HAYNOS

MEMORIA E HISTORIA

Historia e mito medran xuntas. A Historia fomenta a creación dos mitos do pasado, mentras que a explicación mítica tamén fai interesar a sociedade polo que pasou. Mais estes dous conceptos que a gran maioría da sociedade identifica e funde nun só non son o mesmo. Termos complementarios os dous, a creación do mito elaboráse a partir da asunción por unha comunidade dun feito pasado a metade de camiño entre a verdade e a lenda. Os contos son elementos indispensables para a construción da personalidade do neno, mais tamén para contentar, para acomodar e axeitar sen moita reflexión as comunidades sociais. Nos tempos actuais, o dinamismo e a celeridade dos medios de comunicación, a súa inmediatez impídenos captar espazos de reflexión sobre tal ou cual nova: a lemos, de seguido doutra, e finalmente, tras ser varias veces repetida, a asumimos. Mais non houbo moito espazo para a reflexión, e sí para a repetición compulsiva.

Toda esta introducción síveme para introducir o tema da memoria. Esta non é máis que a construción individual dun entramado de ideas que axeita da millor maneira posible un pasado, é decir, os feitos vividos e referenciados por homes e mulleres nun tempo e nun espazo. E unha reconstrución a través da persoa, dos seus intereses, dos seus valores, e tamén das súas teimas.

A misión do profesional do pasado é outra: interpretar aqueles feitos a través da súa experiencia vital, mais tamén da súa garantía profesional. A veces esquencémonos de que os historiadores somos mestres, impartimos unha docencia que é fundamental para xenerar futuro. Que ironía para a mentalidade imperante nos nosos días: falar do pasado para crear cousas novas. Mais tamén somos elementos indispensables do Estado para a xeneración dunha cultura cívica, dunha sociedade civil con valores e aspiracións democráticas.

Precisamente por iso non se nos pode reducir a mera palabrería retórica. Valorizarnos é unha das misións actuais do historiador, e esta ola de retorno da memoria respecto do inconcluso tema da guerra civil é unha estu-penda ocasión que pode servir para elo. Memoria e historia son complementarias, necesítanse unha á outra, mais non iguais. Tan memoria é a do fillo do represaliado como a da filla do militar golpista. Se hai algún punto de converxencia ese so o pode dar o historiador, mais o historiador cunha función social de crear valores de convivencia, non de reproducir por enésima vez os mitos –tanto da República como do Franquismo– senón de explicar as condicións concretas e subxetivas polas que tivo lugar un desastre como é unha guerra civil. Arroxarnos mutuamente as culpas dun pasado xa escrito, á marxe de non conducir á ningún terreo positivo, non constrúe futuro.

No caso concreto que estamos a falar é certo que non é un tema pechado, sobre todo por que non houbo aínda unha reparación social cara ás vítimas. Vítimas, que non esquenzamos, aínda quedan nas cunetas e nos montes galegos. Eso é presente tapado e esquencido, que o impulso da memoria familiar recupera dende o ámbito humano e afectivo.

Mais memoria non existe únicamente de elementos negativos. Tamén hai memoria do que significou a II República, de que aqueles escasos cinco anos de réxime democrático foron o noso antecedente máis inmediato dun sistema democrático. Hai recordos dos mestres represaliados, da actividade cultural desfeita, da creación dunha incipiente sociedade civil esgazada e desaparecida tras casi cuarenta anos de dictadura militar. Memoria haina tamén de elementos positivos, que favorecen a construción no presente da cidadanía, de valores positivos de construción dun sistema democrático que tivo notables dificultades e erros. Todo elo debe ser explicado, mais non dende a linguaxe comoda, sinxela, sen reflexión que demanda un titular rápido, debemos deixar os especialistas e profesionais da materia que discutan, debatan, interpreten sobre algo tan difícil de acadar consenso como unha guerra civil, e cheguen a puntos de acordo. Porque *habelos, hainos*.

EMILIO GRANDÍO SEOANE
Profesor de Historia Contemporánea na USC

DOS DERRADEIROS FUXIDOS S FRIEIRAS E DA LOMBA

Neste pequeno artigo¹ imos deixar constancia dalgunhas vivencias dun home que, por causa da guerra civil de 1936, pasou 16 anos da súa vida agochado, facendo vida no monte, ás veces actuando de enlace con guerrilleiros de sona que operaban por estes montes do sueste de Galicia, arranzando armamento, pasando xente pola Raia... Unhas circunstancias forzadas que trocaron e condicionaron a súa vida para sempre, tendo incluso que pasar ó exilio en Francia. A causa, o seu ideario de esquerdas, socialista, só iso, ese foi o motivo de que este home tivera que botarse ó monte co fin de "salva-lo pelexo". Velaquí varias lembranzas dunha persoa que viviu no mundo dos fuxidos², "dos do monte", como el dicía. Estas son algunhas vivencias de Cándido Losada, de alcume "O Malvavisco"³.

"Nacín o sete de xullo de 1907 en Castromil (Zamora), unha pequena aldea próxima a Galicia pertencente á comarca de Sanabria, concello de Hermisende. Alí, creime coma calquera fillo de labrego"⁴.

Cando a dictadura de Primo de Rivera, vai traballar na mina Pozo Santa Rosa, en Pueblo Nuevo del Terrible (Peñarroya-Córdoba), e logo de cumprir o servizo militar en Zaragoza, Cándido regresa á súa terra, onde de primeiras rocarri⁵. Pasado un tempo, coa intención de independatías con exeñeiro da obra, consegue un contraían) e Acibeiros, no Padornelo.

"A primeiros de xullo de 1936 tiven que ir carroza-lo camión a Ourense, porque o exeñeiro ía darme o transporte da area para o túnel de Acibeiros, dado que o camión, pola dificultade do terreo, tiña que ter o volquete lateral".

Para ir carroza-lo camión, Cándido aproveitou que os traballos do ferrocarril estaban parados a causa dunha folga que durou uns 28 días, folga na que os traballadores pedían principalmente mellores condicións de traballo e económicas. Pero entón houbo unha sublevación militar en apoio do xeneral Franco⁶.

"Nesto estalou a revolución, eu contaba con 29 anos. Os traballos do ferrocarril quedaron parados. Non me deu tempo ir recoiler o camión a Ourense e tiven que botarme ó monte. Máis tarde, entereime de que utilizaban o camión para transportar bebidas para o "Frente". Estiven 16 anos escapado, desde xullo de 1936 ata agosto de 1952".

Con este panorama, e sen perda de tempo, Cándido acorda facer vida no monte. Os motivos, estes:

"...Eu non sei si acaso diría algunha vez ¡Viva a República!, pero nunca me metín con nadie, eu andaba á miña vida.... Como estivera traballando cos obreiros, e estaba aínda no sindicato, o caso é que a min me complican, dixéronme que me buscaban⁷. Tireime á Serra..."

Nestes primeiros momentos, con Cándido marchan para o ermo da Serra seu irmán, un veciño do Pereiro (A Mezquita), outro de Chau (Lubián), un asturiano..., vivindo hoxe aquí e mañá alá, perseguidos, procurando comida nas aldeas da montaña, de xente coñecida.

“Na Serra xuntámonos varios. Miña nai díxerame que cando San Xosé e o meniño Xesús foran perseguidos que lle puxeran as ferraduras do revés ó burro, e a min acordouseme aquilo. Deille instrucións a todos de que onde quera que houbera terra, area ou así, pasabamos polo poulo e voltabamos a pisar na terra ó revés, co fin de cambiar as pisadas, valéndonos de todo para despistar. Todo isto era no verán do trinta e seis. Durmíamos onde quera. Cando levabamos sobre un mes no monte e, estando na serra de Edrada, vin vir a un home, pareino e comprobei que era un portugués que ía cara Barxacova. Pregunteille si en Portugal se sabía algo da situación que estaba a pasar aquí. Deixoume un xornal, era o Comercio do Porto. Tan pronto o abrín, xa vin o que pasaba e ía pasar. Díxenlle os outros que o que me quixera acompañar a Portugal que o fixera, que eu marchaba aquela noite mesmo. O asturiano dixo que me acompañaba. Este asturiano era un tal Manuel Fernández, que fora o que organizara a recente folga nos traballos do ferrocarril, el xa viña expulsado da Argentina e do Brasil por ser socialista, atopámolo no monte, asando patacas preto de Barxacova; era un gran loitador, unha “intelixencia”. Os outros quedaron na Serra agardando noticias”.



Ao fondo, a paraxe dos Castrollos. Abaixo, Moimento, Portugal



Cándido Losada e o tal Manuel Fernández pasan a Raia e chegan á aldea de Cuadra (Vinhais), onde Cándido tiña parentes, pero o asturiano acorda entregarse ás autoridades portuguesas, para logo pasar a ser concentrado, xunto con outros, ao Cuartel do Trinta en Bragança⁸. Cándido Losada, con algunha axuda do Padre Firmino, tenta documentarse e máis tarde decide pasar ao bando republicano por Francia; por medio de enlaces, embarca no Porto, de polizón entre as máquinas do barco. En Francia é localizado e levado detido a Burdeos, e logo, pasados uns tres días, ao fronte de Valle de Bielsa. Cómpre dicir que, pola súa intensidade, valor histórico, infiridade de casos vividos, etc., en tan corto espazo, non é doado sintetizar ou deixar constancia de tódalas vivencias que o noso protagonista tivo, agora ben, resumindo, diremos que estando na Frente caeu prisioneiro das forzas sublevadas.

“Dunha vez vin que un sarxento e un soldado baixaban a uns prados rodeados de mato. Pouco despois subiron cunha cesta de mazás. ¡Carallo!, ver aquilo alí, coa fame que había; falei con outro e fomos ás mazás. El subiuse a unha mazaira e eu a outra, máis abaixo. Neste escoitei un berro: ¡Eeeh, alto aí!. Parece que saíran de debaixo da terra, estaban amarrados. Ó outro deulle tempo a meterse na nosa zona, a min colléronme e leváronme ó seu destacamento”.

Foi levado preso a varios lugares, Trent, Academia General Militar de Zaragoza, etc., interrogado en varias ocasións, e máis tarde, un tren agardábo para viaxar, xunto con outros moitos a Bilbao, onde ían ser xulgados.

“En Zaragoza metéronnos a todos nun tren, non sabíamos a onde nos levaban, iso soubémolo no camiño. No noso tren íamos uns seiscentos prisioneiros. Unha compañía enteira, repartida polos vagóns, era a que nos vixiaba. En Miranda do Ebro parou o tren moito tempo para deixar pasar a outros. Algúns baixaron á cantina para beber e comer algo. Formouse un movemento de xente grandísimo. A noite estaba encima e fun indo cara á traseira do tren, facendo como que collía colillas de cigarros. Ao chegar o último vagón amarreime debaixo del. Logo escoitei berrar ¡Ala, al tren! ¡Al tren!. O tren arrancou, pero eu xa estaba debaixo doutros vagóns que estaban parados nunha vía paralela. Non tardou en quedar todo en silencio”.

Xa libre, Cándido emprende unha viaxe solitaria cara a súa terra natal; andando por camiños ermos, sempre á espreita para non ser detido, vestindo mono e gorro militares e calzando alpargatas, comendo o que cadraba e conseguía. Sempre andando, pasando por lugares apartados dos termos de Burgos, provincia de Palencia, Val de Espartera, Puente de Ropel, Benavente, Ventas de Pichelite, El Puente, Requeixo, parte alta do Padornelo, Acibeiros, Hedroso e Lubián, chega ó seu destino. A meta desta verdadeira odisea está na Venda de Chaus (Lubián), onde estaba súa nai. Chegou alí sobre as dúas da mañá, e ó día seguinte, empardecendo, xa marchou para Portugal.

“...Fun para Portugal. Entón xa entraba e saía de alí, e tamén xa enlacei cos outros. Co primeiro que enlacei foi co Inca, que estaba en Sernande. Era moi amigo do Zé María. Alí tamén estaba o Alfredo, que era compañeiro do Inca... Estiven moito con eles e con outros, co Bailarín, Parra, Cuañeira, César Ríos, Tameirón, Felicísimo, García, Chapa, Girón, Serín, Eduardo, Gafas, Ánimas, Antolín...”

Frecuentou toda a zona montañosa da Lomba (Vinhais), da Segundeira, Eixe, etc. Son lugares moi coñecidos, vinculados á loita guerrilleira que desenrolaron aquí varios fuxidos de sona. Moitas veces andou el só, outras contactando con “xente do monte”.

“...Desde aquí ata Ponferrada e máis alá, corrín todo, Pías, Pradorramisquedo, Ricosende, Casaio... E en Portugal, na parte de Vinhais, Casares, Cuadra, Sernande, Santalha, Os Pinheiros, Tuizelo... Todo eso frecuenteino moito...”

Casaio, é un lugar de renome no mundo da guerrilla desta zona. Os seus montes, cando os traballos mineiros de extracción do wolfran, concentraron alí a moita xente a traballar.

“...Coñezo ben o asunto do wolfran. Eso foi coma os desfiladeiros de México. Alí chegou haber trescentas barracas, cando andaba eu por aí. Había xente da Coruña, de todos os lados, había ferreiro para as barrenas, había prostitutas... Pagábase co wolfran, xa lle daban eles o valor para cada cousa, ó peso. Alí manexouse moitísimo diñeiro... Ata trouxeron presidiarios para traballar, que algúns fuxiron para o monte. Había moito diñeiro, eran os anos da fame, pero alí non había fame, corría o diñeiro a montóns”.

A aldea portuguesa de Sernande⁹, pertencente á freguesía do Pinheiro Novo, concello de Vinhais, está situada bastante preto da liña fronteiriza, tivo sona de ser lugar importante nos tempos do contrabando. Na etapa da que estamos a falar, destacou porque unha serie de fuxidos escolleron estas paraxes para agocharse. Daquela, a veciñanza en xeral acolleunos sen problemas, e varios que pasaron a Raia por non ir ó servizo militar traballaron por alí en oficios de carpinteiro, xastre... *“Eles traballaban aquí e na altura andaban libres... Un da Gudiña, que era xastre, foi preso pola Guardia Fiscal alá no cima, onde hai unhas almas, mais el non estaba criminoso, el refuxiárase por causa do servizo militar... Era na Guerra Civil española, el tiña medo, pero non fixera nada...”*

No maxín de veciños de avanzada idade aínda fican nomes de guerrilleiros de renome como Manuel Bazán “Girón”, Luis Gómez “Pambarato”, Alfredo Yáñez “Aguirre”, Bernardino García “García”... Pero a pesar da situación tan complexa, as relacións entre veciños e fuxidos foron boas: *“Eles pagaban as comidas, os alojamentos ou o pão con diñeiro ou con obxectos... não ficarem a dever nada a ninguém. Naide se metía coeles”.*

“En Portugal vivíase clandestinamente e no monte. Viviuse moito nun sitio que lle chaman Sernande... Cerca deste pueblo, nunha ladeira, onde lle din Os Callostros, houbo coma se fora un acampamento, chegou a haber alomenos trinta, fixeron alí uns chozaños.... En Sernande, o Zé María acollía e axudaba a moitos”.



Lugar de Sernande, Vinhais (Portugal).
Abaixo, vista parcial da parte antiga da vila



Cándido era un gran tirador coas armas, foi tamén bo cazador de perdiz e coello. Conseguiu algunhas armas para os do monte. Foi bo armeiro, e ata fixo para el unha arma ametralladora con dúas pistolas que el nomeou “Las dos leonas gemelas, el trueno” porque ó disparar o seu ruído semellaba o do trono; incluso foi percorrendo a raia ata Castro Leboreiro por estes menesteres das armas. Dunha vez, reparando unha arma feriu un dedo dunha man, infectouse, e un practicante da zona tivo que operalo de urxencia, e aínda así perdeu medio dedo.

“...Servin varias armas para o grupo... Metralletas conseguín varias. As armas viñan da fábrica... O Girón nunca tivo metrallata, sempre tivo subfusil. Ó Parra conseguílle unha metrallata que tiña un cano casi coma unha carabina. “Las dos gemelas” era unha arma feita para min, de dúas pistolas, prepareina eu. Ata conseguín un subfusil ruso, ¡que bo era! Incluso conseguín un fusil do famoso Cuco Vello, da banda dos Cucos do Pinheiro Novo... Fun a Castro Leboreiro co Serín. Alí agardábanos outros, entre eles un coñecido mando asturiano das Brigadas Internacionais... o caso é que recollemos as armas, o subfusil foi ordenado que se lle dera ó García. Aquela arma era a que despois empregou el no tiroteo tan sonado do Cambedo. Eu non vin arma coma aquela. Tiraba en tres tempos, tiro a tiro, de dous en dous e de metrallata, da marca Orbea, un nove largo... eu aínda a probei, tirando uns tiros con ela”.



O Pinheiro Novo, Vinhais (Portugal)
Abaixo, o Pinheiro Velho



Ó longo das extensas conversas mantidas, Cándido Losada fala de moitos casos relacionados con esta etapa da nosa recente historia, que o espazo non permite recoller. Houbo casos graves, con mortos polas dúas bandas, de fuxidos, de forzas da orde nacionais e internacionais, portuguesas, coma un caso acontecido á entrada de Vinhais¹⁰. Unha copla espallada na contorna por aqueles cegos andaríns describiuno así:

*Ás seis horas da mañá,
cuando o carro lá passou,
a Policía feço o alto
i-o carro logo parou.
Os vermellos que ían dentro
como eran homes perdidos,
logo contra a Policía
começaron a dar tiros.
Logo mataron a un xefe
da Policía Internacional
i feriron gravemente
a dois da Guardia Fiscal.*

Non faltaron as desconfianzas entre os que frecuentaban o monte. No relatorio, Cándido fala de Saúl, el tiña metido na cabeza de que esta persoa era un infiltrado na guerrilla, segundo el, un guardia civil que ata chegara a enfrentarse a membros deste corpo da orde¹¹.

“Ao Saúl caleino logo. Pronto me decatei de que algo había. Sempre me resguardei del, porque senón fose así, a quen mata é a min. Dunha vez chegoume a dicir:


-Hai que volver a facer renacer esas fontes de abastecemento de armas e municións. Diñeiro hai o que queiras.

-Eu xa non quero saber desas cousas, ata perdín os enlaces. Contesteille eu.

Coñecino en Pradorramisquedo. Eso foi máis adiante de 1940. Creu que viña de Zamora, de cara Benavente. El pretendía saber de onde saían as armas e as municións, era o que lle interesaba.... Ata cheguei avisar ó Antolín de que tivera coidado, que por nada do mundo se fose da lingua.... Que por nada do mundo saiba o Saúl onde estou eu”.

Despois de facer vida no monte, Cándido marchou para Francia. Pasou a fronteira o 12 de agosto de 1952. Desde Galicia foi nun camión ata Benavente, en autocar ata Valladolid, en tren ata Vitoria, e logo a San Sebastián. Portaba unha documentación falsa, feita por el. En Francia traballou no oficio de carpinteiro ata que regresou a España no 1977. Cándido Losada “O Malvavisco” deixounos moitos datos relacionados co cerne da guerrilla que, se Deus quere, algún día se farán públicos. Cándido finou en xaneiro de 2004, cando había algo máis de mes e medio que tamén finara Pepita, a súa muller.

XOSÉ RODRÍGUEZ CRUZ



Túnel da Cana, Lubián

¹ Con este artigo tentamos corresponder á petición que no seu día nos fixo Aser Álvarez, coordinador desta revista, sabedor dos datos que obraban no meu poder sobre a persoa de Cándido Losada.

² A historia de Cándido Losada “Malvavisco” ata o de agora é pouco coñecida, agardamos que nun futuro non moi lonxano poidamos facela pública. No noso poder están as súas testemuñas. A súa loita ten o valor dunha realidade vivida no cerne do movemento da resistencia antifranquista desenvolvida en terras do Sueste de Ourense e no concello de Vinhais (Portugal).

³ Cándido Losada Fernández, era natural de Castromil (Hermisende), unha aldea situada no extremo suueste da contorna zamorana de Sanabria, lindante con terras do concello da Mezquita (Ourense). Os seus pais, Domingo Losada e Cándida Estévez, eran labregos, donos dalgunhas terras e varias cabezas de gando vacún.

⁴ Testemuña de Cándido Losada, de quen, resaltados en letra cursiva, irán aparecendo outros ó longo deste artigo. Son anacos de varias entrevistas feitas polo autor entre os anos 1995 e 2003.

⁵ Por este tempo, toda a contorna das Frietas (A Gudiña e A Mezquita) era un ferveiro de xente a traballar na liña do ferrocarril Sanabria-Ourense, xente que viña de moitos lugares de Galicia, de fóra dela, e do outro lado da fronteira...

⁶ Nin que dicir ten que como consecuencia do “Alzamento” inicial dos sublevados militares contra o poder legal republicano vixente daquela, que de seguido deu pé a unha guerra civil que durou tres sangrentos anos, moitos frieteses e traballadores do ferrocarril do tramo Sanabria-Ourense optaron por abandonar as súas casas e terra, botándose ó monte e traspasando a liña fronteiriza, indo establecerse en varias aldeas portuguesas situadas nas montañas da *Lomba: Pinheiro Novo, Pinheiro Velho, Sernandé...* co fin de agardar alí un tempo a que amansara a represión que se aveciñaba. Todas estas persoas que nun primeiro momento cruzaron a “raia” tiñan un denominador común: ideas e afiliación de esquerdas, algúns con cargos de responsabilidade civil (alcaldes, concelleiros...), dirixentes sindicais... Comeza aquí unha longa noite de pedra para moitos veciños e loitadores pola liberdade desta contorna raiota.

⁷ Un carabineiro en Lubián trasladoulle aviso a Cándido no sentido de que xa o andaban buscando e que ían tomar represalias contra el e seu irmán.

⁸ No cuartel do Trinta de Bragança, segundo Cándido Losada, naqueles primeiros momentos chegaron a estar concentrados máis de trescentas persoas, galegos e castelanos, que despois foron levadas a Porto, e logo, nun barco portugués, a Cartagena.

⁹ No contorno desta aldea, na paraxe denominada *Os Callostros*, situada nunha escarpada ladeira que vaia dar ó río de Comtim, un grupo importante de guerrilleiros ou fuxidos chegou a ter alí unha especie de acampamento, con chozas ou habitáculos terreiros feitos contra os esteos de fraga, disimulados e tapados con pólas de árbores. Moitos destes fuxidos estaban en contacto cos veciños de Sernandé; algúns vivían en casas do lugar, tal é o caso do veciño chamado “Zé María” que axudou a moitos.

¹⁰ Segundo Cándido, daquela el estaba en Cerdedo (Vinhais). Di que ían varios nun pequeno camión para embarcar en Oporto. Pasaban a raia por Vinhais. Parece ser que no coche ía o Pambarato a operarse dunha lesión; o Eduardo, o Parra, algúns de Asturias... Un enlace foise da lingua e denunciou o lugar e a hora en que o coche ía pasar. As forzas da orde portuguesas agardaron e produciuse un tiroteo. O Jipi, un dos fuxidos que ían dentro do coche, xa caeu morto alí e, tal como relata o romance, tamén morreu no tiroteo o Xefe da Policía Internacional e foron feridos graves dous axentes da Guardia Fiscal.

¹¹ Neste caso, Cándido debe referirse a Samuel Mayo Méndez (Saúl). Persoa da que xa teñen ocupado noutras publicacións. A información que aporta o noso protagonista é algo que non se aclarou ata o de agora. Di que o Saúl contactou cos do monte como que viña mandado polo Partido Comunista. Por casos que aconteceron de forma sospeitosa, Cándido di que o Girón en Ricosende chegou a ofrecer 5.000 pesetas por saber do seu paradeiro. Parece ser que Saúl foi morto na Coruña, en marzo de 1950.

TODO ACONTECEU NUNHA DESAS TARDES IMPOSIBLES...

LA VOZ DE GALICIA
VIDA Y MUERTE DE
FOUCELLAS



La leyenda que acabó en garrote vil

Si no te pones nervioso no te haré daño, le dijo Mariano a Benigno tras tocarle suavemente la nuca con las yemas de los dedos. Mariano, como buen verdugo, sabía que una buena incisión del garrote vil causaba la muerte en pocos minutos, que era lo que deseaba para el famoso guerrillero Benigno Andrade, «Foucellas», de cuya ejecución se cumple medio siglo el próximo miércoles.

02/08/2002

Imposibles porque sí, porque xa desas tardes de verán non hai, cunha calor de moito señor e un chíó ó unísono de cantaruxas antre o centeo que só os que van indo máis vellos conservan na memoria coma unha caixa harmónica, tal e como se presentan os recordos ás veces ferintes e musicais de cando eramos nenos.

Tiña uns cinco anos, non máis. O xusto para manterme de pé a pesar de pisar nos terróns informes das leiras, o xusto para poder agacharme no medio do centeo e que non fixese falta anicarme. Todo o facían as meses nunha especie de metamorfose vexetal que a pouco me convertía: taparme no medio das súas canas, mexerme na mesma dirección, encherme de esganas, picarme nas pernas cos talos tronzados...

Era un dos meus sitios favoritos cando tocaba xogar ás agachadas. Resultaba fascinante ter uns ferrados para agocharse mentras os demais te buscaban por outras áreas, perdidos pola aira onde secaban as fabas riba dos sacos.

Só entón, cando xa viras cómo pasaban ó carón na túa procura e non eran quen de atoparte, te afortalabas no medio daquelas pallas coma se fosen muros de aceiro, tan quebradizas e protectoras. Só entón os teus cinco anos xustos para terse de pé no medio dos terróns se rían polo baixiño. Non te viran. Non eran quen de atoparte. Triunfaras.

Alí podías botar media hora mentras eles, os outros, os de seis e sete anos, daban voltas e máis voltas pola aira saltando fabas, pola horta, polo cuberto, no palleiro...e non daban contigo. Berraban que saíses, que xa se acabara o xogo, que gañaras, que non facía falta que dixeras "por mí", que era hora de merendar unha rebanda con azucre...

Outro cuarto de hora máis, cos pés xa denegridos de non moverse do sitio. Que se amolen, que berren ata estourar....Ata que vías que marchaban, que deixaban de procurarte, que te cambiaban por unha simple rebanda...A típica covardía dos de seis e sete anos cando teñen que buscar a unha de cinco que sabe agocharse de marabilla.

Saías entón do teu escondedoiro co vestido cheo de esganas picáncoche polo lombo, co pelo cheo de esganas e os pés rabuñados das canas. Subías a costa, entrabas na aira. Na porta, túa nai:

-Onde estabas?

-Agachada

-Pero canto tempo levas agachada? Mira como vés! Ti non te portes ben, non...Verás como vai vir o Foucellas e vaite levar.

Só con oír aquel nome que soaba a instrumento cortante, encollías o pescozo mecanicamente. E o eco pasaba coma un búmerang varréndoche o aire por diante das ventas do nariz. Non, o Foucellas non. Mellor o home do saco ou o cocón, Manuel do Cereixo, o langrán da Fervenza. Non, o Foucellas non, que andaba a cabalo e roubaba os porcos de noite antes de ir ó banco de salgar...

Mirando agora para a túa cara non diría que o arco do teu nariz fose torto coma o dun búmerang, tampouco diría que o teu nome, Benigno, tivese a forma dun maléfico instrumento cortante.

Xa da igual, porque tampouco pensei que un día me ías saír de detrás da folla dun libro, ou que ó dobrar a folla dun xornal alí estarías, sin saco, sin careta, sin cabalo...Só coa mirada limpa dun mozo engaravado.

E aínda que non tiveren o pracer de coñecerte, saberás que formas parte das miñas amadas fobias infantís. Saberás que ós nenos de agora *Mario, o Porco, o Piloto...* sóanlle a bonecos de trapo que regalan nas feiras se tes a papeleta afortunada, ou a superheroes virtuais que van choutando pola pantalla, non polas penas reais dos montes diante da garda civil.

Pero ti non. O Foucellas, non. O teu nome aínda corta o aire cando se escoita pasar.

PILAR BUELA

BIEITO FERNÁNDEZ DO GALEGO

31 DE MARZO DE 1937

Ás 04:45 da madrugada saio de Silvares de Grou (Lobios) na compañía do meu guía. No traxecto ata S. Bieito de Agreixoá falamos do que se lle ha de dicir aos carabineiros españois, no caso de termos a má sorte de non poder evitar o atoparnos con eles. Ó chegar a Beirreaus (Entrimo) empeza a clarexar o día e os paxariños cantan alleos aos nosos medos. Ouvimos unha voz humana que axiña recoñecemos ser a dun home que vai co gando.

O meu acompañante, que é un home destemido máis ao mesmo tempo prudente, non para de ollar en todas as direccións, a fin de poder descubrir os “requetés” que fan garda na fronteira, e ocultarnos ou fuxir, a poder ser felizmente. E a pesares de que vimos moitas pegadas de zapatos e chancas na dirección na que nós iamos e na oposta, non nos encontramos con tan indeseados tipos.

Ás 08:30 chegamos ás Cainheiras (Castro Laboreiro) despois dunha afortunada viaxe na que o bó tempo foi un factor moi importante. Non ben chegamos, unha mulleriña veu avisarnos que nos ocultasemos onde puidésemos porque viñan os gardiñas portugueses en dirección a nós; inmediatamente botamos a correr de cara a unhas corgas onde estive-mos ocultos unhas tres horas. Antes de eu saír do meu escondite, onde papei bo frío e bo medo, o meu guía, que é portugués, foi ver ó pobo se xa desaparecera o perigo. Mentres tanto, sempre tratando de me

ocultar, falei cun home que me dixo que non estaba seguro de se xa marchara a guarda fiscal, que contra todo dereito detiña e entregaba todos os escapados galegos ás autoridades españolas.

Cando nos aseguramos de que desaparecera o perigo, pasamos a Bico, onde nos xuntamos cun conveciño meu. Despídome do meu guía e fico, quen sabe por canto tempo, na patria de Luis de Camoes.

Pasada a media tarde ouvimos no camiño un gran revoltallo, a causa da persecución polos gardiñas, dun galego chamado o de Xunqueira, por ser nativo dese pobo. O meu compañeiro e conveciño e máis eu que estamos na casa dunha moi boa muller chamada Tía Enes, vímonos obrigados a subir a unha colmaza (recuberta con colmos no canto de tellas) onde o frío nos fixo bater dente con dente. E perseguiron a aquil pobre home para darlle caza e entregalo ás autoridades, producindo este suceso un desgosto xeral, non só entre os galegos, senón tamén entre a poboación castrexa (do Castro Laboreiro).

Unha cousa que me commoveu xa no primeiro intre, foi o celo e a rapidez destas mulleres para avisar ós refuxiados en canto se percataban da pesencia dos gardas. ¿Procedería o pobo galego do mesmo xeito se os portugueses se visen en iguais circunstancias ca nós?. En Castro Laboreiro, de cada cen habitantes oitenta son mulleres, pois os homes emigran en masa.

Ás 11 voume deitar na tan desacreditada cama portuguesa que a min, despois de tantas fatigas do día, pareceume millor cá da miña casa; coído que os reis de francia no paso das Tullerías nunca durmiron tan ben coma min esa noite, nunha pobre cama de palla, sen xergón e sen sábanas.



1 DE ABRIL DE 1937

Paso o día na casa, sen poder botar o pé fóra, por medo á garda fiscal. Quixera ter algún libro para empor o tempo, mais considero pouco menos que imposible o conseguilo neste pobo, onde hai apenas un 10% de xente que saiba ler. ¡Que ben para Portugal e para a humanidade enteira que o diñeiro que o goberno portugués malgasta na revolución española non o empregue en levar a cultura a istes tristes pobos, onde non hai un médico que cure, nin un mestre que instrúa!... E non digamos das outras tantas cousas necesarias para a vida dos pobos. As estafeta de Correos máis cercana está a 5 quilómetros, e a estrada, a 20. Para os asuntos xudiciais e administrativos, teñen que andar outros 20.

Arredor de mediodía, soubemos que o de Xunqueira conseguira escapar das unllas dos gardaíñas, noticia que encheu de ledicia a todo o mundo.

2 DE ABRIL DE 1937

Sen novidade, salvo os comentarios retranqueiros que se fan encol da fuga do de Xunqueira. Pola contra laméntase a detención de Manuel Carballo, levada a cabo o 28 de marzo pasado. O meu compañeiro de desterro é o que se encarga de cociñar e arranxar os mantimentos, ovos sobre todo, que é o que máis consumimos.

3 DE ABRIL DE 1937

Termina o éxodo iniciado xa fai días, das inverneiras para as brandas (as inverneiras é onde os castrexos pasan o inverno e nas brandas, o verán) e naturalmente, tamén nós temos que nos mudar para un lugar chamado Seara, despois de comer un suculento xantar en Biço. Pasamos esa a noite nunha casa en ruínas onde non sei se ofrecía máis perigo o sobrado medio podre, ou o teito que ameazaba caer por riba de nós. Cando espertei á mañá, tiña os ósos moídos e a cabeza mollada, mais ¿qué importan os meus sufrimentos comparados cos dos meus irmaos galegos alá nas trincherías cheas de neve, e os corpos trasfrados pola fame e pola metralla?... ¿E o sufrimento moral de ter que andar defendendo os anacos de terras que pisotean e negan o dereito da nación galega a ser un pobo libre e soberano?...

4 DE ABRIL DE 1937

A fin de estar máis seguros, mudámonos de pousada e agora estamos na casa dunha santa muller chamada Ana Portas. Paso o día coñecendo novos refuxiados e fuxidos da guerra. Chove a máis non poder. Conseguimos durmir nunha excelente cama que nos fai esquecer a mala dormida da noite anterior.

5 DE ABRIL DE 1937

O mal tempo obríganos a pasar o día á beira do lume. Á noite celébrase na casa en que habitamos un chamado danzo (baile), no que vexo fermosas raparigas, de sonrosadas meixelas, que só coñecen os pós de arroz e o carmin polo nome. Un nacionalista ten de ser por forza un admirador da tradición, por iso eu admiro extasiado como Portugal conserva as súas danzas tradicionais. De todas as danzas que vin esta noite – todas moi lindas- a que máis me gostou foi unha que tiña certa semellanza coa nosa redondiña. Bailouse ó son dun acordeón, que os portugueses saben tocar tan ben. Os do Norte prefiren o acordeón, mentres que os do centro e o Sur prefiren a guitarra. O meu compañeiro bailou todo o que estaba ó seu alcance, a min faltábame a disposición de ánimo necesaria para esas cousas.

6 DE ABRIL DE 1937

Pasamos moito tempo xogando á brisca, pero nunca se xogan os cartos. Tamén me chama a atención que nunca se escoitan maldecires nin palabras obscenas.

7 DE ABRIL DE 1937

Siguen chegando fuxitivos dos remprazos de 1930, 29, 28 e 27. Por algúns deles infórmome que polo momento só son chamados os do 2º semestre do corpo a filas do 80, non sendo eu polo tanto comprendido neste chamamento. En consecuencia, decido volver a casa e ver se fun ou non chamado. O fin parou de chover aunque sigue a facer frío. Días atrás circulou o rumor de que o alférez de aviación Elixio Rodríguez, de Bande, directo amigo meu e afervoado galeguista se pasara co seu aparello ó bando republicano. Tal nova encheunos de ledicia e fago votos para que sexa plenamente confirmada.

8 DE ABRIL DE 1937

Preséntase un día de sol que é unha regalía. Érgome máis cedo ca de costume para aproveitar a raeira, pois desque cheguei aquí é o primeiro día de sol. Comunicolle ó meu compañeiro o proxecto de ir á casa, que il ve con des-



agrado por temor a que me deteñan na fronteira ou me collan na casa.

Ás 5 da tarde parto da Seara cara Galiza e veñén-me acompañar ata a fronteira dous conveciños: Pepe do Reguengo e Pepe das Terradas. Outros amigos non cesan de me recomendar prudencia e ollo guicho para non me deixar atrapar polos gardas portugueses, nin polos carabineiros ou requetés españois. Separámonos con bágoas nos ollos e emprendendo eu só o retorno á Patria.

Paso os primeiros tres días na casa sen apenas saír á rúa, lembrando con fonda saudade á sinxela e gari-mosa xente de Castro Laboreiro, que nos poucos días de convivencia con ela, me obrigou a un eterno e fraternal recoñecemento. A lingua que se fala alí é un intermedio de galego e portugués predominando aquel sobre iste.

Os habitantes de Castro viven máis que pobremen-te, pois debido á gran altura que están sobre o nivel do mar, vese unha grande parte do ano asulagados de neve, imposibilitando cáse-que toda clase de cultivos, agás o centeo e as patacas, que durante o inverno conservan enterrados nun sitio

alto onde poidan escorrer as augas e as neves. Os cultivos hortícolas, escasamente berzas e allos.

Durante os días que alí botei tratei varios extremistas rabudos con quen discutín sobre relixión, moral, política e sobre a liberdade dos pobos oprimidos. En materia de relixión, había na maioría dos casos unha intolerancia e un fanatismo propio dos membros do tribunal da inquisición. Con respecto á liberdade dos pobos asoballados, como Galiza, hai de todo, mais algúns podían subscribir o punto dous do fascismo español que di: " Todo separatismo es un crimen que no perdonamos"

E eu, que anxeio para Galiza unha plena liberdade, non podo estar dacordo con istes esquerdistas (comunistas) que coñecen moi ben os problemas de Rusia e ignoran totalmente os de Galiza, e incluso menosprecian a súa lingua.

Rematado en Grou, Lobios o día 12 de abril de 1937.

BIEITO FERNÁNDEZ

Artigo cedido pola ASOCIACIÓN CULTURAL POMBA DO ARCO. Foz, A Mariña Lucense

BIOGRAFÍA DUN FUXIDO ARRAIANO

Bieito Fernández Álvarez nace en 1909 en Silvares de Grou, Concello de Lobios, pasando con dez anos a cursar, por un prazo de dous, estudos nos Pais Escolápios de Celanova. Tras ampliar a súa formación na Academia Villar de Ourense, onde ten a Bóveda como profesor, e realizar diferentes traballos, como empregado de varias ferreterías, emigra a Bós Aires en 1926.

A través de *Celtiga*, dalgúns textos editoriais de *Nos* e *Lar*, e especialmente da *Historia Sintética de Galiza*, de Ramón Villar Ponte, e da *Teoría do Nacionalismo*, de Vicente Risco, achega-se en 1927 aos núcleos patrióticos que viñan editando a revista *Fouce*. Nos seguintes anos Bieito Fernández é membro da *Sociedade Nacionalista Pondal*, formando parte de varias xuntas directivas e ocupando a presidencia entre abril de 1934 e 1935. Son abondosas as colaboracións de Bieito Fernández nas páxinas do xornal *Fouce*, xa fora co seu nome real, coas iniciais engadíndolle o nome da casa de "Palleiro" ou co pseudónimo de "Heraldo". Nos seus máis de 25 artigos atopamos a retransmisión e a protesta rexal, a preocupación pola problemática agraria, a defensa da nosa lingua, da manifestación artística autóctona, a denuncia da prensa cipaia, a necesidade do achegamento a Portugal e a negación da españolidade de Galiza.

Particular atención merece o grupo de traballos dirixidos á mocidade, na que os Pondaliáns tiñan centrado as esperanzas da Patria. Así, en 1934 Bieito escribía: "*Cando o movemento nacionalista ou simplemente político falta ao calor da xuventude, ese movemento está irreversiblemente condenado ao fracaso*", afirmando noutro artigo ... "*a Federación de Mocedades Galeguistas, na que están agrupados os máis e os mellores dos xóvenes galegos, darán o paso que cómpre urxentemente que dean, proclamando ante todos os povos do mundo a necesidade imperiosa de que Galiza se constitua en Estado completamente libre...*"

A mediados de 1935 volta á terra. Asentado na súa parroquia de Grou entra en contacto co grupo das Mocedades Galeguistas de Celanova e Bande, daquela auténtica vangarda do movemento xuvenil patriótico, remitindo algúns dos seus dirixentes (Xosé Velo, Celso Emilio Ferreiro) artigos e listados de suscriptores para *A Fouce*. Paralelamente, Bieito Fernández permanecerá en contacto coa militancia do *Grupo Pondal*, transmitíndolles información sobre a situación política do País e redixindo crónicas para o voceiro deste grupo. A presenza de Bieito en Galiza permitirá unha visión máis axeitada da realidade na Nación aos núcleos Pondaliáns, así coma un incremento nas relacións e coñecemento entre estes e as persoas da FMG-FMN (Federación de Mocedades Galeguistas- Federación de Mocedades Nacionalistas).

A pesar da posición autonomista defendida nun principio pola militancia da *Sociedade Nacionalista Pondal*, estes remataron por saudar o Estatuto na última editorial de *A Fouce*, como paso para a plena liberdade de Galiza. De xeito semellante, Bieito Fernández colaborará na campaña do plebiscito conservando-se un fermoso discurso de presentación de Bóveda en xuño de 1936 "*chaman-nos tolos porque queremos que Galiza deixe de ser colonia de Hespaña para se converter nunha nación libre*"

O alzamento militar vaino sorprender na súa parroquia natal, o que non quita que o 25 de xullo de 1936 difunda unha volantina dirixida ao pobo de Grou, co remate de "*viva a República Galega*" para celebrar o Día da Patria. Tentando evitar ser movilizad, era da quinta do 30, inicia unha fuxida a Portugal entre marzo e abril de 1937 recollida no texto *Memorias dun Fuxido Galego*.


Após 20 meses na fronte de combate, maiormente en Teruel, volta a Ourense rematada a Guerra Civil, aprobando unhas oposicións a garda bosques, polo que se traslada a Viveiro, na Mariña de Lugo. En xullo de 1943 vai participar na Asamblea do Partido Galeguista de Coruxo, onde se sentan as bases para a reorganización do PG no interior.

Críticos coa pasividade da dirección e coa política de alianzas das dúas faccións nas que se escindira o galeguismo no interior, conforme á dialéctica da guerra fría, Bieito Fernández, Xosé Velo e Remixio G. Gándara, xunto a outros membros máis van artellar o Comité Arredista Revolucionario Galego. Este Comité, de vida efímera polas dificultades que a clandestinidade impoñía e pola falta de adherentes, vai-se dar a coñecer a través dun manifesto publicado en *Patria Gallega* en abril de 1947, asinado por Bieito Fernández co pseudónimo de B. Silvares.

Durante o franquismo, Bieito Fernández manterá-se en contacto cos diferentes grupos do exilio relacionando-se non só cos vellos irmáns do grupo *Pondal*, agora integrados na *Irmandade Galega*, senón tamén coas xentes da *Patria Gallega de La Habana*, co PG e o *Padroado de México*- escribe en *Vieiros*-. Asemade terá contactos con aqueloutros galeguistas do interior apartados e "olvidados" por discrepar do Piñeirismo, abríndolle a porta de novas lecturas ás persoas das novas xeracións e colaborando na articulación do novo asociacionismo cultural, nomeadamente a fundación Auriense.



O IMPOSTO ARRAIANO



NÓS

Nos xenocídios portugueses e espanhois da América
e nas canchas de pelota de Chichén Itzá e Palenque

nos miles de vidas queimadas en Vietnam
e nos muros derrubados de Beirut

nos campos de extermínio de Auschwitz e Treblinka
e no Estadio Nacional de Chile

nas purgas dictadas por Franco ou por Stalin
e nos húmidos despachos de Intxaurreondo

nas matanzas de Sabra e Xatila
e nos cafés e autobuses de Israel

nas torturas retratadas de Abu Ghraib
e no valado criminal do Estreito.

Chetniks, hutus, marines ou kurdos
tutsis, drusos, tamiles ou gurkas

onde hai sangue espeso e carne aberta
sempre estamos nós.

Por todo iso, gardemos agora
un minuto máis de sangue por nós mesmos.

E, á fin, diante ou detrás da Historia
numa derradeira transfusión de cordura:

xentes de todos os países
proletárias e galegos do mundo
unídevos.

EDUARDO MUÍNHOS

DE PASO

Noite clandestina.
Recendo de uz esmagada
que me devolve ao ventre-nai.

Luz clandestina.
Teito aberto á escuridade
que me impide camiñar con tento.

Pensamentos clandestinos.
Róxeme a cabeza co arrepío,
noite pecha de bubela delatora.

Camiños clandestinos.
Desde o outeiro véxose
agardando por min.
Téñome medo,
non darei chegado.

Personaxes clandestinas.
O monte arrolícame ata adurmiñarme.
Mañá levarei flores ao camposanto.

Mortos clandestinos.
Escóitase un afiar de coitelos,
responde un rinchar de dentes.

Eu, que estaba de paso,
fiquei condenado ao eco.

SUSA BLANCO MONTECELOS

POLIEDROS**Atenas**

Cando chegamos á cidade
A lúa estaba presente
Señoreándose sobre a acrópole.
Logo marchou para sempre
E enmudeceron as árbores.

Acrópole

Mentres subiamos
Só se oía o alento
Abafar profundo
Das pedras mudas.
Ou eras ti quen respirabas?

Sounión

No cabo viamos afogar o sol.
As lumieiras da noite
Pousáronse
Lenemente
Nos teus brazos
e nas ondas.

Micenas

Oímos os berros dos soldados
Tremor nas montañas
Que, como unha nai,
Abrazan Micenas.
Ou quizá soñámolo.

Museo

No museo despregaches
Os teus labios
Iguais aos das estatuas arcaicas.
O Moscóforo
Riu sen que nos désems conta.

Delfos

Despois,
Non moito despois,
Dinme conta de que non dicías nada
Porque queríamos oír
O relento da terra
A través da auga.

Licabeto

Fóronse acendendo as luces
Baixo as mans do monte Licabeto.
As serpes camiñaron cara as garidas.
Ti non falabas.
Silencio na cidade.

Plaka

Foi fermoso camiñar pola Plaka
Prendido dos teus dedos,
Como as sabas tendidas ao sol
Co corazón a branquear.

RAÚL GÓMEZ PATO

“NOMES DE CORPO ENTEIRO”

“CON PÓLVORA”

Detrás do desánimo amerou unha estrema de silencio
na fronteira de ningures.

Longa noite de pedra
no eco
do tempo
retumban as tempas.

Fóra das paredes, das reixas do mosteiro
e das mentiras
arrastran os destinos
a toque de caixa
a cabalo do mencer
a un paredón sen alentos.

A caeira do Furriolo
camiño asolagado de Galez
a corga da Videira...

Sangue derramado nos cavorcos
de nomes sen beizón nin alxemas
con pulsos rotos
e impulsos que retumban na memoria.

Son nomes esquecidos
no eirado da herba verde con flores malva.
Celso, o alcalde, tío Roberto...
Sempre as cruces de pedra na Galiza...
D.A.V., o Darío na distancia.

Son homes anónimos
sen dereito
que nunca figuraron na metáfora asasina
das listas dos caídos
dunha longa noite de pedra
con segredos de confesión.

Porque non son caídos
os que ollan o tiro da morte de pé.

"E MAGNOLIAS"

A todos vos bautizaron roxos
correndo sempre á procura de aire ceibo
por entre os carreiros e carrilleiras da serra
onde nunca estiñou o sangue derramado nos cavorcos.

A inclemencia do tempo
á ventimperie,
entre toxeiros e carqueixas
as esgazaduras do afecto
en carne viva.


Baixo a tella do país
non hai caldo con unto
nin palabras de agarimo ao quentor da familia.
O tempo fíxovos duros de corazón
nos segredos da touza.

Agora véxome nos teus ollos e
como un irmau che falo
porque sei que houbo asasinios
que segaron a vida e a liberdade
contra os que ti loitaches.

Non son caídos os que fronte a fronte ao destino
ollan o tiro da morte de pé
e nunca derrean a cabeza.
Son semente de herba verde
e flores vermellas.
Nomes con pulso roto que levamos
no sangue de nós outros.

XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE

EU NUNCA SEREI YO



EU NUNCA SEREI YO

UFF

E ntrou na cafetaria, prendeu-se naqueles olhos, asombrou-se e soubo que atopara algo. Fixo uff e começou a..., mirou-na outra vez, e começou a ama-la, a quere-la, pensou, e sentou á mesa mais achegada á cafeteira e sentiu, uff, que comezava a...

Ola, dixo ela, que queres?

Quero... macela.

Ao dia seguinte entrou á mesma hora e ela seguia ali e sentiu que, uff, que a quera, em sério, pensou.

Ola, dixo ela, que queres?

Quero... tila.

Ao terceiro dia continuava querendo-a e começou a imaginar e a necesitar, ao mesmo tempo, que ela estava, que ela estivesse, começando a sentir isso tamém, uff.

Ola, que queres?

Quero... menta.

Ao cuarto dia sentiu que já nom podia mais, que tinha que dicer-lho. Tenho que dicer-lho, pensou, uff.

Ola, que queres?, dixo ela.

Quero... te, dixo el.

Ela abriu os olhos preguntando Como? e el dixo outra vez em baixinho Quero...te. E dixo Quero...te ao dia seguinte e Quero te ao seguinte e ao seguinte tamém dixo Quero te e entón ela dixo-lhe cos olhos Eu tamém...

A Celso F. Sanmartín
SÉCHU SENDE

E U N U N C A S E R E I Y O

A DENOSINHA

Eu era um neno. Gostava-me mirar as estrelas, escoitar as histórias que as mulheres contavam ás escondidas, correr e buscar bechos polo campo. Teria uns nove ou dez anos. Umha tarde estava colhendo ras na poza detrás da gasoleira quando o vim passar co seu chapeu negro mirando o chao. Acheguei-me á sua casa e botei-lhe pola janela tres sapos e marchei correndo. Escondin-me detrás dumhas gestas e vino saír cum pao na mao e umha sombra nos olhos buscando, buscando-me. Tirou os sapos mortos no chao e chuspiu.

Eu amava os animais. Eu amava-os. Mais sentia que aquilo era necessário. Um neno nom sabe explicar essas cousas. Umha noite botei-lhe pola porta médio aberta umha mao de vagalumes que colhera num prado e escondim-me um pouco máis perto para ve-lo saír co pao na mao e poder mirar-lhe a ira nos olhos. Despois foi um lagarto arnal que cacei metendo o brazo entre duas penas no monte e outro dia um gato negro como a sua olhada e outro um merlo cumha aza rota que pilhara onde a fábrica de coiro. Esse dia aguardei-no fóra. Saiu co pao, mirou-me e viu quem era e botou o merlo contra o chao e chuspiu e berrou-me como eu imaginara que faria: Vou-te matar! E saíu correndo atrás minha coa ira nas maos e eu saim correndo sabendo que nunca me colheria.

El conhecia-me. Sabia quem era eu. E nunca foi falar com minha mai. Nunca se atreveu. Os dous sabiamos que era umha cousa entre el e mais eu. Achejava-me á sua casa e tirava dentro tres vacalouras ou umha bubela ou um frasco de saltóns ou umha sacabeira e el saía atrás de mim berrando que me ia matar. El conhecia-me. Chamava-me polo apelido de meu pai.

Um dia cacei umha denosinha cumha trampa para gatos. Rebulia e fum com ela á sua casa, revirou-se e mordeu-me numha mao e fixo-me sangue e manchou o focinho e eu deixei-na dentro pola janela da cozinha e aguardei-no fóra. Saiu coa denosinha esganada numha mao e o pao na outra e chuspiu e berrou outra vez que me ia matar e perseguiu-me pola rua abaixo, berrando por dentro que me ia matar, pola beira do rio, e berrando cos olhos que me ia matar seguiu-me até o pé do monte.

Os dous sabiamos que nom me ia pilhar. Os dous sabiamos que a mim nunca me pilharia. Ao pé do monte deu volta, atafegado, sem aire, no caminho, onde a cuneta. Deu volta e eu seguino de vagar.

Caminhamos em silêncio, o sol ponhia-se, laranja, el diante e eu atrás, pisando-lhe a sombra. Escoitei-no chorar. Tirou o pao, entrou na casa e fechou para sempre as portas e as janelas. Para sempre. El conhecia-me. El bem sabia de quem era filho aquel neno de nove ou dez anos. E sabia que eu sabia que el fora um daqueles que levaram a meu pai ao pé do monte e lhe meteram um tiro de madrugada na cuneta

SÉCHU SENDE

"LEVÁRONO Ó FURRIOLO E NON SE VOLVEU SABER DEL"



O monte do Furriolo atópase na confluencia dos concellos de A Bola, Verea e Rairiz de Veiga, moi próximo ó convento-prisión de Celanova e atravesado pola estrada que conduce dende esta última vila á de Xinzo de Limia. Dende que o mosteiro de San Rosendo foi habilitado a finais de xullo do 36 para acoller ós numerosos presos, converteuse no lugar favorito para as *sacas* que se realizaban na provincia, polo que a inmensa maioría dos mortos que aparecen neste monte proceden de presos residenciados nos seus muros. Resulta imposible saber con certeza o número de cadáveres que repousan nos seus arredores, aínda que son moitos os testemuños orais que falan da existencia de auténticas fosas comúns (cfr. por exemplo, *A Nosa Terra*, 26-VIII-1998 con relación á recuperación do cadáver de Celso Pérez Enríquez [páxina 42]), e mesmo testemuñas directas que acudían a ver ós seus familiares presos que aseguran ter visto moreas de mortos polas gabias das estradas que conducían ó convento.

Elixio Rodríguez, na súa coñecida autobiografía novelada *Matádeo mañá*, sostén que cada día chegaban a Celanova entre dez e quince detidos, pero que a poboación reclusa se mantíña estable porque cada noite eran paseados outros tantos mediante unha orde de liberdade "expedida polo goberno militar que os falanxistas se encargaban de converter en pena de morte". Segundo as súas propias lembranzas, os que ían a ser asasinados eran trasladados a un recinto cativo, situado na parte máis alta do convento, onde pasaban unha longa espera ata que viñan por eles, o cal sería unha proba máis da implicación das autoridades neste tipo de operacións e do coñecemento previo que os encargados do cárcere tiñan delas. Neste senso resulta ilustrativa unha anécdota que lle contara Jose Meixengo, o ex-alcalde de Arnoia, ó autor: un dos presos solicitou que lle desen máis garavanzos na cea porque os consideraba moi escasos, sendo inmediatamente compracido por un oficial que lle dixo: "Repíte cantas veces queiras, que son os últimos que has comer, e ademais, non has ter tempo de os dixerir". Pouco despois fórono buscar para asinalo, o que incide claramente nese «secreto a voces» que para os mandos eran os *paseos*.

A documentación arquivística tamén permite documentar esta práctica: contamos cun interesante documento remitido ó director da cadea en forma de oficio con cuño e selo do Goberno Civil e asinado polo seu titular no que lle ordena a este que admita na cadea a un total de 43 detidos gubernativos á súa disposición; nun dos laterais, o encargado da súa condución escribe do seu puño e letra as ordes transmitidas verbalmente por Quiroga: *Comunicarle al jefe de la cárcel de Celanova que el preso que tienen arriba que lo dejen estar allí, y que el Teniente de la Guardia Civil venga hablar con el Sr. Gobernador pasado mañana.*

Pero nada mellor que acudir á memoria deste vello galeguista arraiano (Elixio Rodríguez) para narrar o seu propio paseo frustrado:

“Eramos cinco as vítimas daquel día. Sen ningunha esperanza de salvación, non podíamos facer máis do que é resignarnos e espera-la hora fatal do paseo. Lembro que, durante a longa espera, case non cruzamos palabra; ensu-mido cadaquén nos propios pensamentos.

O que si, como para descender da atalaia había que camiñar por unha estreita pasaxe á beira do tellado, un dos compañeiros propuxo que naquel traxecto tratásemos de sorprenden ós nosos verdugos e empurralos ó baleiro. Idea aceptada, por unanimidade, sen vacilación e con morboso entusiasmo, mais que non poderíamos levar a cabo. Frustouse a nosa esperanza cando, ós poucos minutos, un dos carcereiros, acompañado por varios falanxistas –todos ben armados–, abriu a porta e permitiu que estes nos esposasen cuns anacos de arame que, co tal propósito, traían cortados á medida.

Coas mans amarradas ás costas, indefensos, non puidemos facer máis que descender en fila india, coma mansos carneiros arreados polos falanxistas, ata o vestíbulo do convento, onde nos agardaban dous automóviles. Nun destes fumos instalados catro dos condenados, mentres que o quinto había viaxar co resto dos falanxistas: cinco en total, coma nosoutros.

Rematada a manobra de embarque con suma rapidez e chegado o momento de partir, o noso chofer, dubidando no rumbo que debía seguir, dirixiuse en voz alta ó seu xefe:

–¿Cara onde tiramos?

–Cara ó Furriolo –respondeu este.

(...) Cando [o meu valedor, o tenente de Carabineiros Adolfo Pousa] nos deu alcance, xacían xa catro cadáveres na gabia. Eu, cun pé no automóbil e outro xa na estrada, ía se-lo número cinco. Como non acerto a describi-lo dramatismo do intre, limitareime a dicir que cando me vin iluminado polos faros daquel coche invadíume o optimismo e sentín a inexplicable sensación de que o meu Anxo da Garda estaba alí. Confirmado cando vin que Pousa baixaba precipitado e, cos seus carabineiros apuntando os fusís cara ós falanxistas, dirixiuse a estes berrando:

–Quietos, a ese non o podedes matar hoxe. A este matádelo mañá.

Daquela, perplexos, os meus inimigos exhibiron a copia da miña orde de liberdade e, pondo énfase en que estaba asinada por Soto, esixían que llela deixase cumprir. Mais, perante a evidencia das armas dos carabineiros, non tiveron máis opción cá de esperaren ó día seguinte (...).”

Non cabe máis que insistir na permanente sensación de medo e incerteza que provocaba nos presos o descoñecemento dos criterios que os executores empregaban para seleccionar ás súas vítimas, saber que calquera noite un deles podía ser o elixido, ó que había que engadir o feito de que os carcereiros e gardas non se privasen de lembrar-lles cal era a sorte que os agardaba. Nesta liña inciden testemuños como os do líder cenetista J. Barbosa:

“El 30 de Agosto del año 1936 fui detenido y aquella noche, fueron a quitarme para el paseo, pero parece que alguien no estuvo dispuesto o alguien se opuso; la cuestión fué (sic) que lo guardaron para el 30 de Noviembre; ese día tenía una denuncia contra mía, según la cual yo le había (sic) tirado unos tiros a un señor, el cual llegó a tiempo y al verme y puestas las manos en la cabeza dijo que hera (sic) mentira, con lo cual me libré; luego nos llevaron para Celanova; en dicho sitio tirados como cerdos por el suelo y haciendo nuestras necesidades en unos calderos los cuales teníamos que vaciar en la viña del Monasterio; de allí sacaron a muchos trabajadores y Maestros de escuelas para el paseo (...). Estando en Celanova (...) el Oficial D. Hermenegildo, por medio del jefe D. Castor me llamó y me puso a mi de cabo de sala, pues por lo visto yo estaba (sic) recomendado por el Teniente de la Policía de la Capital que cuando me denunciaron de que le había tirado los tiros al Sr, que fué (sic) a decir que hera (sic) mentira, por lo cual el teniente le dijo a D. Castor: ‘con ese señor se quiso hacer una cabronada’ y que el respondía de mi, y que si me ponían en libertad, que bajo ningún concepto me dejaran salir de noche”.

Mais, ¿cantas son as vítimas que repousan neste lugar paradigmático da represión paralegal na provincia de Ourense? Esta é unha pregunta á que resulta imposible responder, pois só unha parte destes asasinatos deixaron pegada documental. Nos rexistros civís dos catro concellos citados non chegan a trinta as vítimas escritas, e non

todas documentadas no Furriolo; e nos libros de defuncións da parroquia de Sorga (A Bola), onde deberían figurar boa parte dos mortos, nin sequera aparecen recollidos todos os inscritos no xulgado municipal. Unha cantidade moi inferior á que ofrecen os propios veciños da zona, que ven a confirmar as deficiencias destas fontes documentais. De feito, temos testemuños de habitantes de Celanova e doutros veciños que viron en persoa algúns cadáveres que non figuran inscritos no rexistro:

“Por aquí cerca apareceron dous mortos. Un no río e outro en Carfaxiño. Eu solo vin eses dous, pero despois dicían que pola noite sacaban camións deles de alí de Celanova e que os ían matar ó monte. O que apareceu estaba desfeito de todo, o que apareceu no río Sorga, onde era o Refuxio; xa levaba tempo morto porque lle tocamos os pelos do peito cun garabato e xa lle caían. A ese enterrárono en Barxa e ó outro, o que apareceu en Carfaxiño, alí detrás dunha árbore, en Vilanova. Non eran coñecidos de ninguén e ninguén os reclamou”.


“Mataron a unha aí. Eu pensei... Meu pai dicía que era unha de Sandiás e eu souben que era de As Pegas. Ela andaba cos bois e ía tapadiña así cun manto (...) Fórona matar ó Furriolo. No Furriolo estaba a cuneta chea de xente; eso era un desastre. ¿Non ves que os de Lampaza, Crespos e por alí sentían os berros? Sentían os berros e ca mesma, ¡amigo!, botábanos á cuneta. As cunetas estaban alí, onde o Furriolo, cheas de xente. Alí había un ferro espetado nun poste; estaba cruzado de buratos de apuntarlle... Apuntaban ó pao, porque te puñan así de espaldas ou mirando para eles. Atábanos ó ferro e «pumba». (...) Un de Vilar de Santos (...) era o que máis mataba. Ata tiña os ollos ensanguentados. Pero alí era onde levaba á xente toda a matar, e alí mataron a moita xente, moita”.

Pero o Furriolo non foi o único lugar escollido para asasinar ós simpatizantes da causa republicana. A provincia de Ourense destaca, sobre todo, por unha enorme dispersión dos asasinatos que contrasta coa meirande concentración que se pode observar noutras zonas do Estado e mesmo de Galicia, a xulgar polos estudos realizados. É necesario preguntarse o porqué deste comportamento; as causas polas que un detido era sacado da prisión e asasinado, ás veces a moitos quilómetros da cadea, cando o máis lóxico e cómodo sería converter ó Furriolo nunha inmensa fosa común ou ó Miño nun xigantesco cemiterio; que razóns impulsaban ós asasinados a realizar unha saca de oito presos e abandonar os corpos dos catro primeiros nun lugar, continuando viaxe ata atopar outro sitio a gusto para consumaren o asasinato dos restantes a quilómetros daqueles.

Non faltan historiadores que atribúen esa tendencia ós «traslados» exclusivamente a un intento de asegurar no posible o anonimato dos verdugos; de borrar as pegadas do seu crime, tese coa que non coincidimos en absoluto. Insistimos en que en Ourense todo o mundo sabía o nome desas «partidas» especializadas no tiro na caluga; que eles mesmos non se recataban en publicar –e ampliar– ós catro ventos o número das súas vítimas; que nas aldeas ás que ían buscar ós futuros asasinados polas noites, co pretexto dun «interrogatorio», eran perfectamente identificados polos que quedaban. Todos os réximes con vocación de eternidade –e o franquismo era un deles– en especial cando se atopan en fase de construción, non adoitan amosar unha enorme preocupación por borrar compulsivamente toda pegada dos seus crimes; e nuns intres nos que a liquidación do adversario era obxectivo primordial, os executores non facían precisamente esforzos por silenciar a súa actuación.

Na nosa opinión o fundamental da explicación atópase na necesidade de estender o terror ata o último recuncho da provincia para paralizar o menor síntoma de disidencia e mover á colaboración activa co réxime. Non había en Ourense, como tamén se ten afirmado, un afán de agachar os cadáveres en lugares pouco concorridos. Todo o contrario. Na maioría dos casos atópanse en lugares estratéxicos das principais vías de comunicación que cruzan dun lado a outro a provincia; preto de pontes, nesas curvas con nome e apelidos que todos coñecen, nas reviravoltas dos camiños máis transitados para que todos os que os cruzaban fosen conscientes de que a man vingadora dos secuaces do Movemento non coñecía límites nin fronteiras; mesmo cando eran guindados ó pai Miño, as súas augas acababan por vomitar á superficie aqueles corpos desfigurados polas balas.

¿Cal outra pode ser a explicación da prohibición taxativa, constatada en numerosos casos, e non só en Galicia, de que os campesiños que se cruzaban cos cadáveres lles desen sepultura de inmediato? ¿Como explicar as ordes para que os corpos permanecesen varios días expostos ata que o comandante do posto da Garda Civil autorizaba o seu levantamento para ser soterrado no camposanto máis próximo ou nun foxo, no mesmo lugar en que atoparon a morte? Velaí, tamén, a razón desa tendencia a agrandar o número de asasinados, moi superior, proporcionalmente, en Ourense ó resto de Galicia. Non se trata de que as xentes «esaxeren» a propósito, conscientemente, ou que de xeito deliberado «inventen» fantásticas cifras; trátase, tan só do que poderíamos denominar *efecto multiplicador* da



Ullanura A PRISIÓN

...nasion, entre a certeza racional da morte e a esperanza quimérica de que, como algúns, conseguiran burlala no derradeiro instante e atoparan seguro refuxio no exilio.

E con isto a victoria dos asasinados era aínda máis completa, porque se lles negaba o acceso a todo o que envolve ós ritos funerarios nas sociedades tradicionais (auxilios físicos e espirituais para os vivos e os mortos, repouso eterno a carón dos devanceiros, posibilidade de renovar nas datas sinaladas o vínculo que une ós defuntos e ás súas familias durante e despois da inhumación, efecto multiplicador da oración realizada a carón de onde xace o corpo en beneficio da alma que agarda a redención final no Purgatorio...). Porque se castigaba a un tempo á vítima e ós seus familiares, primeiro sumidos na incerteza da indeterminación, logo privados dos medios rituais para envolver a súa dor, e, finalmente, estigmatizados permanentemente polo infamante destino dun dos seus membros diante do que non cabía máis defensa que o silencio e a autocensura. Porque, en fin, privada a comunidade dos restos de quen se significara na defensa dun ideal, era o ideal mesmo o que desaparecía unha vez liquidados todos os espazos posibles (o físico, o simbólico e o da memoria colectiva) nos que adquiría significación.

olencia: o labrego que acode a traballar fincas na mañanciña e atopa dous corpos que polo serán, na mesma taberna. Un mes e dous meses antes se aventaba próxima a implantación do comunismo, se transforman en cinco; os pasaxeiros dun autocar que ven tres corpos que se converten en seis cando chegan á feira e en dez cando se comenta na casa á hora da comida. Os tres mortos foron percibidos, mortos e sentidos como se realmente se atopara de dez ou de vinte; o de menos era a cifra real senón a materialización da medida, da inxustiza, da arbitrariedade, que non perdería un ápice porque os mortos fosen un ou un cento. A utilidade política do terror só existe se se publicitan os seus resultados. E esta utilidade é maior se as xentes permanecen na determinación, na dúbida, na inseguridade de que os corpos poidan ser cen ou mil.

Entender o carácter exemplificador da violencia desatada e, ó tempo, castigar a vida máis ás familias das vítimas, que vivían obrigadas a seguir as pegadas dos seus parentes por lugares onde eran pouco coñecidos; a formar lúgubres prosións na procura dos seus corpos unha vez que eran informados de que os seus parentes, fillos ou irmáns xa non precisarían comida que lles levaban porque xa foran mortos en liberdade». Moitos nunca serían atopados, prolongando durante meses e anos a dor infinita de quen nin sequera pode ter o consolo de rezar alí onde das familias dos «desaparecidos», sumíbranse a eterna batalla entre realidade e

JULIO PRADA RODRÍGUEZ
Universidade de Vigo

POR MANUEL VEIGA

"NON ME MATEDES, QUE DEIXO SETE FILLOS"



Celso con parte da súa familia

Esta é a historia de Celso de Poulo, destacado comerciante e alcalde de Gomezende asasinado no Furriolo polos falanxistas

"Non me mate des que deixo sete fillos e todos xuntos collen nun cesto", berra Celso Pérez Enríquez na camioneta que o conduce ao Furriolo, probablemente un dos lugares do país onde hai máis presos soterrados. Alí foi fusilado e metido nunha foxa común, xunto a outros correligionarios, nunha hora indeterminada entre o 17 e o 19 de agosto de 1936.

Celso é un de tantos, pero a súa morte ten algo máis de exemplar, pois é home coñecido e respectado en toda a bisbarra. Ten 51 anos e sete fillos. Carlos Pereria, un dos seus netos, lembra que sendo un mozo, xa nos últimos anos do franquismo, percorría as festas da contorna e en moitas casas era convidado por xente descoñecida só por ser descendente de Celso de Poulo, como lle chamaban ao seu avó.

Celso Pérez non fuxira dos matachíns. Cando chegou a buscalo un grupo de uniformados, aos poucos días do alzamento militar, andaba nos arredores da súa casa. Os falanxistas recreáronse pasando os canos das súas pistolas polas tempas da súa muller preñada, Donilda Pereira, e polas dos sete fillos, que ficaban axoñados na solaina da casa.

Celso é un home liberal, conta cunha boa

biblioteca e está especialmente dotado para os negocios, como xa demostrara na súa época de emigrante en Porto Rico. Na súa tenda, *El Recreo Obrero*, hai de todo: tecidos, ultramariños, mineral para as leiras, materiais de construción, ferretería, calzado. Fornécese de produtos cunha furgoneta alugada na que vai dúas veces á semana a Ourense (camioneta que será lembrada por Méndez Ferrín en *Arraianos*). Tamén se abastece por vía férrea na estación de Filgueira, onde recibe material dende Vigo. Hai días nos que diante do seu comercio se amore a xente para mercar, até trinta carros con cadnasúa xugada de bois, de Cortegada, Arnoia, Leirado, Ramirás e Cartelle. Moitos dos produtos dos que dispón non se atopan nin en Celanova.

Celso tamén fai empréstitos sen interese de pequenas cantidades de diñeiro, lembra o seu fillo maior, Enrique Pérez, préstamos que dan para cebar un porco ou para calquera outra necesidade, nunha comarca superpoboada e empobrecida polas condicións impostas polos poderes. É o caso, por exemplo, do cura, Eladio Garza, que obriga a todos os veciños a traballar para el a cambio de indulxencias divinas.

"ALGO HAI QUE FACER"

Celso non é home adicado nen entregado á política, pero as súas ideas avanzadas e a súa preocupación polo progreso da zona, lévano a relacionarse cos que teñen algún papel importante na vida política da provincia sempre que visita Ourense. Ademais, por causa do traballo, traba trato con moitas das familias de comerciantes da capital, Román e Saco, Remedios, Campos, Fábrega, Aguirre ou Bernabé Vecino. Estamos nos anos da República, anos de liberdade e debate político e acceso á cultura, depsois dunha Restauración que chantara as raigames do caciquismo e da ditadura de Primo de Rivera, que acabou desfeita por non dar cabida á vitalidade social e ás necesidades do novo século.

Na casa de Celso fai noite canto político progresista anda de paso pola bisbarra, dende Bóveda, Castelao e Risco, até Manuel Suárez da UGT ou Ánxel Romero, deputado en Cortes de *Izquierda Republicana* por Ourense. Celso é simpatizante da ORGA e do *Partido Galeguista*. Aínda que non milita, ten claro que “algo hai que facer” e presta a axuda que pode a todos os que procuran algún avance social, caso da *Sociedade Agraria de Gomesende*, que poñen a funcionar varios veciños recién chegados de Norteamérica. É o caso de Manuel Rodríguez, O Calado, e doutros amigos e clientes de Celso. Nesta organización comezan a dicir que o cura Eladio Garza ten que pagar se quere que traballen para el, e algúns barallan a posibilidade de facer un cemiterio laico. A xente vai espelindo o medo á autoridade do cregoe este, ante a deserción de fregueses, acaba por marchar en 1935 para a parroquia de San Paio (A Bola). Entre a oligarquía conservadora que se incomoda co curso dos novos tempos está tamén o médico de Gomesende e algúns cobradores da contribución, que serán os primeiros en enrolárense na Falanxe.

Arturo, outro fillo de Celso, lembra que nas eleccións de 1936 quixeron dar o pucheirazo en San Lourenzo. O colexio abríase, os caciques abrían unha botella de coñac, facían as actas e en media hora os comicios remataban. Mais desta volta hai varios interventores de *Izquierda Republicana*, que se opoñen. Arturo lembra este feitos porque, aínda que só tiña catorce anos, tocáralle levar os bocadillos. Por alí pasaron Alberte Vilanova (catedrático que logo padecería máis dunha década de presidio e que sería soterrado en Celanova en 1984, envolto na bandeira republicana), os deputados en Cortes Ánxel Romero e Manuel Martínez Risco, xunto con Alexandre Bóveda. Todos foron expulsado a patadas polos caciques sen que o pucheirazo puidera ser evitado.



Cráneo fencido polos disparos. No centro, o cráneo de Celso fencido polos balas. Celso, Antón, Arturo, o seu neto e, á dereita, seu fillo Arturo

ALCALDE E DEPUTADO PROVINCIAL

Con todo, a vitoria nas eleccións locais do 36, en España e en Galicia, é para a Frente Popular. O 16 de marzo, o novo gobernador de Ourense nomea alcalde de Gomesende a Celso Pérez Enríquez. O día 23, o Pleno da Deputación designaba deputado polo distrito de Celanova e Bande, así como representante da Xunta Provincial de Transporte.

Pouco tempo había de ocupar estes cargos. O 20 de xullo os militares asaltaron a Deputación durante unha reunión e retiveron aos deputados. Celso non chegou a casa até a noite, cun salvoconduto que lle entregaran os sublevados. Convencido de que non lle pasaría ren, mal imaxinaba que tres días despois ía chegar á súa casa un autobús con gardas de asalto no que xa viñan detidos outros veciños, entre eles o médico e alcalde de Arnoia, Pepe Meixengo, que daquela contaba só 25 anos. Os falanxistas revolveron toda a casa, destruindo e requisando moitos produtos da tenda. Do grupo de sublevados formaban parte José Luis e Antonio, do Pazo dos Loureiros de Cortegada, un dos cales cursara estudos con José Antonio Primo de Rivera. Os dous chegaron a ocupar altos cargos durante o franquismo, cousa que non lle impediu, máis ben ao contrario, exercer o extraperlo nos primeiros anos da posguerra. Antonio dos Loureiros díxolle á muller de Celso que non se desasosegase, que ao seu home non lle ía pasar nada. Celso foi levado á prisión de Ourense, de onde pasaría ó mosteiro de Celanova, convertido xa na altura, nunha das cárceres máis importantes do franquismo, e onde viviron os seus derradeiros días tantos presos. En canto Celso estivo preso, os falanxistas visitaron de novo a súa casa, unhas veces pedíndolle diñeiro á súa dona a cambio da vida do seu home, e outras para facerse con todo o que atopaban.

Entre o 17 e o 19 de agosto do 36, Celso de Poulo foi asasinado no Furriolo, en terras arraianas, xunto con outro grupo de presos, e alí mesmo foi soterrado nunha foxa común. A familia soubo da morte o día 20. As sacas e os paseos abranguían unha media de 12 persoas diarias que nunca voltaban. O 1 de outubro, o anterior crego de Poulo, Eladio Garza, díxolle á familia onde estaba soterrado Celso. Na foxa separaron o seu corpo do do mestre Eduardo Villot o outros tres máis, e levárono ó cemiterio de Sorga (A Bola) e enterrárono alí nunha caixa de cinc, na baixada do Furriolo cara Celanova. Alí repousaron os seus restos até 1981, cando xa chegara a democracia, e coa axuda do sacristán de Sorga, a familia desterrou os seus restos. Celso conservaba uns zapatos en bon uso e o seu cráneo presentaba con claridade a marca dos disparos. De alí foi trasladado ao cemiterio de Poulo, onde repousa hoxendía.

Δ PRISIÓN DE CELANOVA CICARIO FRANQUISTA



A PRISIÓN

A vila de Celanova debe a súa orixe, a súa articulación urbanística e o seu desenvolvemento á presenza do Mosteiro beneditino de San Salvador. Aínda despois da desamortización do século XIX, cando a comunidade relixiosa debe abandonar as dependencias do edificio, este vai continuar exercendo un papel destacado na vida da vila. Sería empregado para sucesivos e diferentes usos, entre os que cabe destacar a instalación da Casa do Concello ou a Comandancia Militar. Co paso do tempo, de novo dúas institucións relixiosas, neste caso dedicadas á educación, van instalarse no mesmo: primeiro os Escolapios, que permanecerán en Celanova durante máis de setenta anos e, despois os Agustinos, que abandonarán o edificio no verán de 1936. O inicio da guerra civil determinará un novo uso do mosteiro, cun carácter moi distinto ós que tivera con anterioridade: San Salvador deixa de constituir un centro de difusión cultural para transformarse, dende ese mesmo verán en cadea destinada a presos políticos.

AS DIFERENTES FASES DA PRISIÓN.

No emprego do Mosteiro de Celanova como prisión é posible diferenciar tres períodos, que se corresponden en gran medida coa evolución que sofre o fenómeno represivo

nos nun local de pedra —o refeitório do mosteiro— que non conta con ningún tipo de mobiliario e carece absolutamente de servizos hixiénicos e que, ademais, moi pronto se vai quedar pequeno para acoller ó importante número de persoas que alí son encerradas. Relata Elixio Rodríguez —preso en Celanova nestes primeiros intres— cómo os reclusos debían realizar as súas necesidades fisiolóxicas nun bidón conlocado a este efecto e diante do resto dos compañeiros; tamén nos conta como a rápida masificación do local obriga a facer o paseo por quendas e, mentres un dos grupos o facía, o resto dos presos se vía obrigado a permanecer xunto ás paredes para permitilo.

A cadea é un simple depósito no que se custodia ó enemigo político e ó que acoden os grupos de falanxistas en busca das vítimas das súas “execucións irregulares”, das que é imposible aportar cifras, sequera aproximadas. Elixio Rodríguez lembra como a pesar de que todos os días ingresaba un novo continxente de dez ou quince presos, o número de reclusos se mantiña estable, xa que todas as noites deixaban o lugar aproximadamente outros tantos entregados ós piquetes de falanxe, que se presentaban provistos da correspondente “orde de liberdade”. A cifra de execucións que

to, *Prisión “irregular”*. San Salvador será o persoas que dun ou doutro xeito se signi- dependencias. Os presos atópanse reclui-

se deriva das lembranzas de Elixio Rodríguez posiblemente sexa esaxerada: nos corenta días que él permanece en Celanova terían sido levadas a cabo entre catrocentas e seiscentas execucións; pero sí que nos serve para exemplificar o dramático impacto daqueles tráxicos momentos na mente de quen permaneceu preso na cadea de Celanova.

Un segundo período, como *Prisión Habilitada* ou *provisional* vai iniciarse a partir do 28 de xullo, cando chega o primeiro continxente de presos que son trasladados dende a Prisión Provincial. Esta nova denominación e función correspóndense co incremento que está a vivir o fenómeno represivo na provincia e, cor


soas –real o supostamente- contrarias aos sublevados e que se atopan a espera do correspondente Consello de Guerra. Sen deixar de actuar como lugar privilexiado, no que se realizan as “sacas”, e aínda que situada a máis de trinta kilómetros da capital, debemos entender que esta prisión habilitada constitúe unha galería máis da Provincial e, dende esta, xunto cos presos gubernativos, van trasladarse varios funcionarios coa misión de rexer a vida interna da mesma. A partir do mes de agosto contamos con datos fiables sobre o nivel de ocupación do mosteiro. Nos restantes meses de 1936 a poboación reclusa media rolda os 159 presos, para incrementarse substancialmente ó longo do ano 1937, en que se sitúa en 191 e, xa de modo espectacular nos primeiros meses de 1938, sendo a media de xaneiro a abril de practicamente 465 reclusos, aínda que esta última cifra debemos considerala dende a perspectiva da súa inmediata transformación en Prisión Central.

O terceiro período –e máis longo- correspóndese coa clasificación como *Prisión Central*. Segundo se especifica no Regulamento Orgánico dos Servicios de Prisións de 1930 –reinstaurado na súa vixencia polos sublevados a finais de 1936-, reciben esta denominación aquelas dependencias penitenciarias destinadas ó cumprimento das penas. A transformación da existente en Celanova debe poñerse en relación coa caída da Fronte do Norte, na segunda metade de 1937. O avance das tropas franquistas significará a creación en Galicia dun importante número de Campos de Concentración

para clarificar as “responsabilidades” dos prisioneiros e, despois, o labor desenrolado pola xusticia militar, obrigará a habilitar como prisións os máis variados edificios, entre os que van ter preferencia –indubidablemente pola capacidade que presentan- os mosteiros.

Dende os primeiros meses de 1938 a poboación penal de Celanova increméntase coa chegada, en febreiro, de 691 penados procedentes de Asturias, que se suman ós 158 presos gubernativos existentes; nos inicios do mes de maio, coincidindo coa chegada dun novo continxente de 500 penados, as autoridades penitenciarias deciden o troco de categoría da prisión, que pasará a actuar como Central, desenrolando o seu labor a partir de entón con plena autonomía da Provincial, ata o seu peche definitivo en setembro-outubro de 1943.

Podemos facernos unha idea da magnitude que acada a prisión celanovense comparando o volume de reclusos co existente nas demais prisións situadas en Galicia. Segundo os datos do



CIFRAS DE RECLUSOS NAS PRISIÓNS DE GALICIA A DÍA 1 DE XANEIRO DE 1942	
Central de Santa Isabel (Santiago)	1.507
Central de Celanova	1.381
Central de San Simón (Pontevedra)	572
Central de Figueirido (Pontevedra)	839
Provincial de A Coruña	1.304
Provincial de Pontevedra	630
Provincial de Lugo	450
Provincial de Orense	424

Anuario Estadístico de España, que recolleemos no cadro adxunto, no ano 1942 –o único para o que é posible facer esta comparación- en Celanova atopáranse recluídas 1.381 persoas, unha cifra que só era superada pola Prisión Central de Santa Isabel, en Santiago de Compostela que acadaba a cifra de 1.507 reclusos. Pero debemos ter en conta que ó longo de moitos meses o volume de presos en Celanova estará moi por riba das cifras antes apuntadas, en concreto, nalgúns datos de 1939 vai superarse a cifra de 1700 internos. Neste senso, a media anual de poboación reclusa, que recolleemos no seguinte cadro, non precisa maior comentario.

OS PRESOS.

Non se conservan a totalidade dos rexistros da Prisión Central, pero a información existente permite supoñer que, entre 1938 e 1943, o número de persoas que tería pasado pola prisión de Celanova rondaría os 4.000; na súa inmensa maioría procedentes de Asturias, aínda que nos derradeiros anos do centro penitenciario se constata a chegada de importantes continxentes procedentes de cadeas de Madrid e outras zonas de España e, incluso, unha expedición de máis de cen reclusos de orixe extranxeiro.

Unha fonte de primeira man para un achegamento ás características desta poboación reclusa será a rectificación do Padrón Municipal de Habitantes que se realiza a finais de 1938 e no que se recolle a totalidade dos presos. Nesta rectificación figuran como “altas por residencia accidental en el municipio” un total de 1.252 presos, case un 60% serán asturianos, aínda que se atopan representadas 43 provincias, destacando a escasa presenza de reclusos de orixe galega. Como cabe supoñer, o espectro de idades destes reclusos será moi amplo, aínda que o núcleo máis importante se concentra entre os 20 e 39 anos. Por outra parte, a lista de profesións representadas entre a poboación reclusa é enorme, sendo maioría, en números absolutos, os agricultores, seguidos dos xornaleiros e mineiros que suman o 44% do total, o resto repártense entre 181 oficios diferentes.

Ano	Número de reclusos
1938	11.280
1939	1.568
1940	1.390
1941	1.407
1942	1.187
1943	726

Sabemos, por diferentes fontes, que dende un principio Celanova vai destinarse á extinción de condenas graves aínda que non dispoñemos de datos concretos ata o ano 1942, que recolleemos no cadro. Como se pode ver, naquel ano predominan as condenas graves, de xeito que sobre un 78% dos reclusos recaerán penas superiores ós vinte anos de reclusión que, sumados aos condenados a máis de doce anos (20%) constitúen o 100% da poboación reclusa. Como non podía ser doutro xeito, estas penas correspóndense cos delitos políticos xulgados pola xurisdicción militar en torno ó concepto de “Rebelión Militar”. Baixo esa denominación atópase un 18% dos presos de Celanova, por “Auxilio á Rebelión” un 20%, sendo máis abundantes os condenados por “Adhesión á Rebelión”, un 60%. O resto dos delitos representados, con ser unha porcentaxe insignificante, teñen a importancia de amosar como na cadea celanovense empezan a ter cabida outras realidades que a derivada da represión de guerra e posguerra que non son xulgadas polo código de xusticia militar.

Condición/ Delicto	Número
De 20 anos e un día a 30 anos	909
De 12 anos e un día a 20 anos	234
De 6 anos e un día a 12 anos	16
Menos de 6 anos	6
DELICTOS	
Adhesión á Rebelión	696
Rebelión militar	212
Auxilio á Rebelión	235
Vida	15
Honestidade	5
Propiedade	1
Sedición	1
Vagos	1

A ORGANIZACIÓN DA PRISIÓN.

Ó tempo que se incrementa o número de presos, as zonas do mosteiro ocupadas pola prisión van ir ampliándose progresivamente e cando ten lugar o troco de categoría xa cumpre esta función a maior parte do conxunto arquitectónico, coa excepción das dependencias que na actualidade serven de sede ó Concello e a maior parte das que se abren en torno ó Patio Barroco. A totalidade da zona sur do mosteiro, é dicir, aquelas dependencias que se articulan en derredor do Patio do “Poleiro” –ocupado actualmente polo Instituto- son espazos de reclusión. A entrada ó recinto penitenciario realízase a través da fachada do corpo central onde, unha vez se cruza o patio, se chega a un vestíbulo situado na nave Este, encontrándose á dereita desta dependencia o departamento de “Rastrillo”, a entrada á prisión propiamente dita.

Para xestionar e coidar da cadea, o organigrama inicial do persoal quedaba constituído por un Director, un Administrador, dous xefes de servicios, un oficial e seis gardas; completándose o número de gardas con outros seis “mutilados de guerra”. A vixilancia do exterior do recinto quedaba nas mans dunha compañía do exército, composta por 176 soldados e oficiais (aínda que no ano 39 tamén terá relación coa prisión a “Bandera de Falange de Marruecos” que se atopa acuartelada na vila). Este cadro de persoal quedará completo a partir de decembro do 39, cando chegan á prisión 11 relixiosas que se ocuparán de todo o relacionado cos servicios de cociña e enfermería. A partir de entón a composición do persoal da prisión unicamente se verá sometido a fluctuación numéricas ata acadar, a finais de 1942, os 17 oficiais, 14 gardas e dispoñendo xa dun médico e un capelán propios.

RÉXIME INTERIOR E CONDICIÓNS DE VIDA.

A vida diaria no interior dos centros penitenciarios quedaba perfectamente estipulada no Regulamento de Prisións, pero, máis aló do oficialmente disposto esta vai acomodarse ás características e circunstancias específicas de cada centro. A modo de exemplo, podemos ver cómo a principios de 1939 o Director da Prisión Central de Celanova establecía a organización e horario diario:

7:30. Apertura de departamentos seguida do aseo persoal e limpeza da instalación.

9:00. Relevo de garda con asistencia da poboación reclusa formada, verificándose a continuación o recuento de reclusos e recoñecemento de todos os locais.

12:00. Lectura do *Parte Oficial de Guerra* e da *Crónica Oficial*, acto que finaliza coa voz de ¡*Franco!* á que contestan os reclusos co brazo erguido. Reparto do rancho e posteriormente retorno dos reclusos ós dormitorios.

15:30. Paseo.

17:00. Distribución do rancho.

18:00. Recuento da poboación reclusa e retorno ós departamentos.

21:00. Toque de silencio.

Como se pode supoñer, este horario inicial –que nos amosa ós reclusos sumidos na máis completa inactividade– sufriría ó longo do tempo diferentes modificacións para axeitalo ás necesidades do servizo da prisión, en especial dende que se introducen novas actividades que deben cumprir obrigatoriamente os presos: traballo, escola, orfeón e orquestra.

Un dos aspectos máis chamativos dentro do réxime interior ven constituído polas diferentes sancións que se imponen aos reclusos cando realizan algún tipo de acto contrario ó disposto no Regulamento ou ben ás normas impostas dende a dirección do centro. Constatamos nos Libros de Actas da Xunta de Disciplina ata un total de 34 referencias de castigos ou correccións que van sufrir os presos internados en Celanova que, en xeral, van significar reclusión en celda de castigo por diferentes períodos de tempo, supresión de comunicación escritas e orais ou, nos casos considerados graves, o traslado a outras prisións consideradas de maior seguridade. Non cabe dúbida de que se trata dun número reducido de sancións, considerando o importante volume de poboación reclusa da prisión, pero tamén se poden interpretar como formas de “resistencia” dos reclusos diante da situación en que se atopan e a súa imposibilidade de levar a cabo ningún tipo de acción “subversiva” de maior alcance.

Outro aspecto importante a ter en conta son as condicións de vida na prisión. Os anos da inmediata posguerra teñen pasado á memoria colectiva baixo a caracterización de “os anos da fame”; a situación xeral do país, como consecuencia dos estragos ocasionados pola guerra, as dificultades de aprovisionamento no exterior e o intento das novas autoridades por poñer en marcha unha imposible economía autárquica terán como consecuencia que a escaseza crónica de alimentos se sinta en todos os recunchos do país, especialmente entre os vencidos, e non é difícil supoñer que esta situación de escaseza se vexa multiplicada para aqueles que se atopaban en situación de reclusión.

As referencias a cuestións de alimentación que aparecen na documentación conservada da prisión de Celanova son relativamente escasas, nembargantes, permiten afirmar que as dificultades para a adquisición de víveres era crónica xa dende os primeiros momentos, obrigando á dirección do centro a elevar queixas diante dos seus superiores polas dificultades para conseguir as materias con que confeccionar o rancho nas poboacións próximas e o elevado do seu precio, unha situación que obrigará a reducir a cantidade do racionado e confeccionar o rancho con materias de moi escaso valor nutritivo. Esta situación parece trocar de xeito importante dende o intre en que as relixiosas comezan a encargarse das tarefas da cociña: preocuparánse de que a cantidade dos produtos sexa a axeitada –dentro do que permiten as circunstancias– e, en ocasións, recorrendo persoalmente os pobos da comarca para facerse cos escasos produtos existentes e precisos para a elaboración da comida.

É fácil supoñer que, malia ós esforzos das relixiosas, ás 1,15; 1,50 ou 2 pesetas presupostadas por praza non daban para moito e a pobreza na dieta é a principal responsable da situación de morbilidade crónica que se vive no interior da prisión. Unha situación similar á que acontece no resto dos centros de reclusión espallados polo país, que fai que o tifo e a tuberculose constitúan enfermidades endémicas nos penais e sexan as principais causas de mortalidade entre os reclusos. O tifo atacará a prisión celanovense de xeito recorrente, obrigando á dirección do centro a tomar diversas medi-



das profilácticas para evitar a súa difusión e proceder á vacinación de toda a poboación reclusa, o que significará unha importante redución da súa incidencia; a tuberculose, nembargantes, adquire carácter endémico entre boa parte da poboación reclusa de Celanova, ata o punto de cobrarse 16 vítimas entre 1938 e 1943. As causas da morte repártense entre un total de 46 patoloxías diferentes, e unicamente foi posible constatar con total seguridade sete casos debidos a execucións realizadas na prisión neste período: este sete casos acontecen o 22 de setembro de 1939, sendo inscritos no Libro de Defuncións do Xulgado como ocorridos todos ás sete da mañá e coa mesma causa inmdiat, “hemorragia interna y externa”.

OBXECTIVOS DO ENCERRO: ADOCTRINAMENTO E REDENCIÓN DE PENAS.

A etapa da prisión de Celanova con carácter de Central correspóndese coas transformacións que sofre o fenómeno represivo que, ademais das execucións, comeza a definir un novo ámbito de actuación que se vai facer evidente unha vez remata a guerra, ó pretender conseguir a través da reclusión unha completa transformación dos presupostos ideolóxicos que no pasado serviran de guía á actuación política dos vencidos. Para máis dun dos xerarcas do novo réxime o proceso represivo debería contribuir á eliminación física do inimigo, e a este respecto convén sinalar que a inicial represión paralegal xunto á actuación dos Consellos de Guerra contribuirán de xeito destacado –ademais do exilio que se produce durante e ó remate da guerra- a facer desaparecer os elementos máis significados politicamente, sendo na súa maioría os represaliados que permanecían nas prisións franquistas simples militantes de base dos partidos republicanos ou dos diferentes partidos e sindicatos obreiros. Precisamente o espectacular incremento no número de ingresos en prisión que se producen ó longo de 1939 fai que a súa eliminación se convirta nunha idea imposible xa que se trataba de categorías socioprofesionais enteiras as que se atopaban nesta situación e resultaba imprescindible a súa colaboración para levar a cabo a tarefa de reconstrución do país na posguerra que se iniciaba.


RECLUSOS NAS CADEAS ESPAÑOLAS A 31 DE DECEMBRO DE CADA ANO, SEGUNDO O ANUARIO ESTADÍSTICO DE ESPAÑA	
1939	270.719
1940	233.373
1941	159.392
1942	124.423
1943	74.095
1944	54.072
1945	43.182

E para principiar esa colaboración vai adoptarse a fórmula da redención de penas polo traballo, sendo unha das finalidades principais deste o contribuir á reconstrución material do país a través dos Destacamentos, Batallóns de traballadores ou das Colonias Penitenciarias Militarizadas.

A organización do sistema de redención de penas polo traballo comeza a implementarse co decreto de 28 de maio de 1937, no que se estipula unha reduccion de condena a razón dun día por cada dous de traballo e que o penado cobraría un salario de 2 pesetas diarias: 1,5 para a súa manutención e 0,5 de libre disposición. Para coordinar e desenrolar este labor vai crearse no Ministerio de Xustiza o *Patronato Central para la Redención de las Penas por el Trabajo*, que contaría con xuntas locais en todas as cidades ou vilas onde existisen presos políticos. Con posterioridade diferentes ordes e decretos matizarán e ampliarán as características do sistema de redención de penas. Únicamente os presos políticos poderán acollerse a esta posibilidade de redención e, dentro destes, só os condenados a penas inferiores a 12 anos e un día, “por ser los de menor responsabilidad y, consiguientemente, los de mayor confianza y más merecedores de ayuda moral y material”; haberá que agardar a que os diferentes indultos fagan diminuír o número destes condenados para que as posibilidades de redención se extendan ás condenas de vinte ou trinta anos de prisión.

No caso de Celanova, a redención polo traballo vai ter unha incidencia escasa, non existe constancia de traballos realizados polos reclusos no exterior da prisión e estes van limitarse ós que é posible levar a cabo entre as paredes do centro de reclusión: destinos, traballos auxiliares ou traballos eventuais que, en diferentes períodos ocupan entre un sete e un dez por cento da poboación reclusa total. Os destinos (cociña, economato, barbería, lectura en común, médico, practicante, enfermeiros) son os que absorben un maior número de empregos aínda que só poden optar ós mesmos aqueles presos con condenas máis baixas –e xa vimos cómo nesta prisión o que predominan son precisamente as condenas elevadas-, quedando tamén excluídos os reclusos “que pertenezcan o hayan pertenecido a sectas secretas” e ó Partido Comunista. Xunto a este tipo de traballos -por outra banda, imprescindibles para a boa marcha da prisión-, a dirección vai poñer en marcha un centro de “educación manual de artes y oficios”, un eufemismo que encubre a creación dunha brigada encargada de levar a cabo todos aqueles traballos de mantemento precisos do interior da cadea e un taller dedicado á elaboración de diferentes artigos para a súa venda no exterior, xunto á reparación de maquinaria diversa tamén fóra do centro penitenciario.

DOMINGO RODRÍGUEZ TEIJEIRO
Universidade de Vigo



EL XURÉS Y SUS MISTERIOS

Se viviramos nun país normalizado esta obra xa tería sido publicada por algunha das grandes editoriais galegas. Mais tivo que ser o *Clube de Autores Minhoto/Galaicos* (Editorial Calí dum 2000) o que editara *El Xurés y sus misterios*, cunha boa dose de visión, sensibilidade e voluntarismo. Será que o país non dá para máis. ¿Ou acaso sí?

O autor deste libro, Xosé Lamela Bautista, é dos que responde a esta pregunta dun xeito afirmativo, porque é un arraiano apaixonado que descende dos habitantes da desaparecida cidade de Obóbriga, ao pé da Serra de Santa Eufemia, e leva a estirpe no sangue.

Eu non sabía nada deste libro (motivo polo que maldigo a algúns dos meus amigos e supostos xuresólogos) até que un día coñecín ao seu autor en Lobios e me entregou un exemplar. Pensei que sería un libriño deses mediocres, escrito por un galego emigrado con inquedanzas e desasosego (Lamela dirixe un programa radiofónico en Radio Cornellá que se chama Sempre en Galiza e vive en Cataluña dende hai unha mancha de anos). Pero comezamos a falar da terra que pisabamos, do

país e da xente, e a miña primeira impresión mudou radicalmente. Non adoito padecer insomnio, pero esa mesma noite, despois de despedirnos e tomar unha herbas na casa doutro arraiano de pro, encetei o libro e non o puiden deixar até que o rematei, ás cinco da madrugada.

Tede por seguro que *El Xurés y sus misterios* producirá o mesmo efecto en calquera de vós, sempre que non lle deades demasiado ás herbas, e que vos interese coñecer o noso pasado. Nas súas páxinas Lamela fálanos con rigor e paixón das pegadas que deixaron os antepasados nesta terra, da toponimia, das lendas, dos mitos, da Xeografía e da Historia do Xurés, do paso dos romanos e dos musulmáns, das guerras hispano-lusitanas... E todo isto, cunha prosa áxil e precisa que nos leva polo río abaixo coma troitas arroutadas na procura da súa orixe.

Facemos nosas as palabras que escribiu o noso paisano Xosé Benito Reza no prólogo desta obra imprescindible na biblioteca de todo arraiano que se precie: "Gracias ao amigo Lamela por esta obra feita con tanto sacrificio e xenerosa dedicación, quen de afondar dun xeito tan didáctico e preciso na historia e na mística local da súa terra que eu sinto como miña, quen de nos regalar maior esperanza para os nosos devezos na recuperación do patrimonio natural e cultural herdado dos antepasados, e de nos dar unha nova entrega de autoestima, ás veces tan necesaria na defensa do que fumos e do que debemos ser no futuro como pobo. Todo este inxente traballo só se explica se atendemos ao peso infinito da mole granítica do Xurés espetada no corazón do autor".

Animamos a Xosé Lamela a seguir afondando nas súas investigacións e agradecemoslle todo o que ten traballado polo rexurdir desta terra.

GALICIA BORROSA.

Un ensaio escrito polo psiquiatra Santiago Lamas no que tenta esclarecer os motivos polos que se nos califica ós galegos como **borrosos**.

O clima, a paisaxe, a comida, o campo, as cidades, as vilas, a emigración, os retornados..., e moitos outros aspectos son tratados neste estudio unhas veces analizados sen máis e outras comparándonos con Europa ou con países doutros continentes.

O caldo, prato ¿nacional ou típico?, galego é ¿borroso?. Pode levar como ingredientes o que queiramos pero en cada casa, aldea, vila, cidade ou parroquia é diferente mais segue sendo caldo.

¿Realmente somos os galegos **borrosos**?. ¿Por que?. Se les GALICIA BORROSA seguro que atoparás unha resposta.



CASTOR ELICES. OBRA POÉTICA

Castor Elices Rodríguez, poeta celanovés da segunda metade do S.XIX (1847-1886), foi médico capitán da Armada Española o que o levou a viaxar por diferentes países como veremos reflectido na súa obra.

Un desengano amoroso e a morte da súa nai fan que se acentúe o seu temperamento desacougado e acaba por recluírse en Celanova, onde morreu prematuramente.

Poeta intimista e de gran sensibilidade que describe o amor á nai, o amor dos amores.

Poemas como *As follas secas*, *A miña nai* e *Aínda te quero* chamaron a atención do estudioso Carré Aldao que os incluíu nas súas obras sobre Literatura

Pero é neste volume da foto no que Xesús Fernando Román recolle case un cento de poemas éditos e inéditos en galego e en castelán, onde podemos apreciar e valorar a importancia deste descoñecido poeta e navegante de Celanova.




longa noite de pedra


POEMA DE CELSO EMÍLIO FERREIRO
DEBUXOS DE CESAR.




O TETO E DE PEDRA. DE PEDRA SON OS MUROS E AS TEBRAS.



DE PEDRA O CHAN E AS REIXAS.




AS PORTAS, AS CADEAS, O AIRE.




CESAR


AS FENESTRAS, AS OLADAS, SON DE PEDRA.



OS CORAZÓS DOS HOMES QUE AO LONGE ESPREITAN, FEITOS ESTÁN TAMÉN DE PEDRA.




¡ CU, MORRENDO NESTA LONGA NOITE DE PEDRA.



ÉPOPEA DUN AVIADOR ARRAIANO



Elixio Rodríguez co busto de Celso Emilio. Abaixo, tralas reixas do mosteiro



“E u som o homem que lhe fez dous manguitos á pena de morte”. Así se presenta Elixio Rodríguez, lembrando o titular dunha entrevista que lle fixo un coñecido xornalista portugués co gallo da publicación das súas axitadas memorias, *Matádeo Mañá* (Xerais 1994). Nesta entrevista voamos pola axitada vida deste galeguista nonaxenariano que se viu na obriga de loitar nos dous bandos dunha guerra fratricida para poder sobrevivir e deixarnos constancia da súa experiencia vital.

Comezando polo principio...


A guerra víase vir, había un nerviosismo e unha polarización terrible, e un odio moi intenso na atmósfera. Nos días previos á guerra fixemos unha pintada en Celanova: a todos os porcos lle chega o seu Sanmartín. Este era o apelido do xefe local falanxista, un tipo que chegara de Valladolid. Fixemos aquela pintada a noite anterior a unha concentración das Juventudes Falangistas en Celanova. Era o seu xeito de responder á nosa xuntanza das Mocidades Galeguistas uns días antes, tamén en Celanova. Acababan de poñer o asfalto noviño. E montouse un bo lío cando pola mañá chegaban os buses das delegacións e viron aquilo estampado na Praza Maior (Risas).

¿Cal foi o peor momento da súa vida?

Cando me levaron unha noite os falanxistas, estando preso en Celanova. Mataron ó primeiro prisioneiro e un trono furou o silencio do Furriolo, e logo outro tiro, e outro. Pero non tan seguidos, senón enseñorándose con eles, humillándoos a pracer antes de pegarlle o derradeiro tiro e deixalos alí tirados. Perdían moito tempo insultando a aqueles homes, e esa foi tamén a miña sorte. Porque cando xa tiña un pé no chan, ao lonxe apareceron as luces dun coche que se achegaba a gran velocidade. A este matarédelo mañá, espeta o home que baixa do coche. Díxolles que non podían matarme porque eu sabía algo duns fusiles. Un conto, pero ese foi o pretexto que usou o Tenente Pousa, ante a miña incredulidade.

¿E por que intercedeu ese home por vostede?

Estando preso en Celanova fixérame amigo dunha meniña, que resultou ser a filla do tal Tenente Pousa, que era carabineiro e xefe militar. Vese que a filla deste home soubo que aquela noite me tocara a min o paseo, e a nena choraba porque desconfiaba que non ía voltar, coma moitos. Aquela meniña quería-me moito e foi a miña verdadeira salvadora. Pousa enfrontouse aos falanxistas, e chegou a ter que encañonalos para que me soltaran, pero sabía que non me podía ter vivo moito tempo.



Dedicatoria de Castela a Elixio. Á dereita, de novo, co uniforme de aviador

¿Como era a vida na prision de Celanova?

Moi dura, estabamos máis de 300 presos no refectorio (actual Salón de Actos), durmindo uns por riba dos outros e facendo as nosas necesidades en caldeiros á vista de todos, e para poder estirar as pernas tiñamos que facelo por quendas. O peor era que todas as noites levaban a cinco presos que nunca voltaban, e unha mala noite tocoume a min.

¿E que fixo Pousa para sacalo de Celanova?

Buscoume un oco para enrolarme no exército sublevado e así salvar o pelexo. En Ourense había un banderín de enganche para marchar á guerra. Pousa foi a Ourense e fixo que viñeran a cárcel buscar presos para ir á fronte, arranxouno e leváronme a min e a outro.

¿Onde foi?

Fun a Cáceres, á fronte de Extremadura, dende onde estiven voando coa aviación franquista, pois xa era aviador antes da guerra. Pero só tiña na mente o desexo de fugar. Estando un día no aeródromo de Sevilla pedín permiso para dar un garbeo e fugueime cun avión (un Breguet XIX) a Xibraltar. Estiven a piques de conxelarme por subir demasiado para que non me alcanzaran as baterías antiaéreas, pero cheguei.

Enroleime nas filas republicanas despois de saír de Xibraltar, coa axuda dun espía inglés, chamado James Playdon. Porque os ingleses pensaban que fuxira cun grande segredo de guerra, un mecanismo alemán de espoleta polo que se podía determinar a altura á que detonaban as bombas da aviación. Os ingleses ofrecíanme moito diñeiro polo invento, volvíanse tolos polo aparato, aínda que eu non sabía nada. Pero aproveitei os seus favores e funme de Xibraltar, pasei a Tánxer e Casablanca e logo a Alacante e Valencia.

¿E que lle aconteceu a súa familia?

Mentres a familia seguía en Bande foron perseguidos. A miña nai tivo que fuxir a Castro Laboreiro, vestida coma as mulleres castrexas, pasou a noite nun pombal de Grou e ó día seguinte foise a Portugal. Era iletrada e non se metía en política, pero as mulleres falanxistas de Bande facíanlle a vida imposible. Meu pai estaba na casa dun cura en Pontevedra. A familia era perseguida porque os falanxistas non perdoaban o parentesco, e gustáballe matar xente.

¿Onde se reincorporou a filas?

En Valencia, pero antes fun a Alacante, onde atopei aos meus correligionarios. Incorporeime a unha base naval republicana que era administrada polos aviadores e na que os mariños eran os que facían o servizo. Nós eramos para eles os señoritos aviadores. Un día chegamos tarde cear e encareime cun mariñeiro porque non nos quería dar a cea. Había moita indisciplina. Tivemos unha liorta e encañoneino na barriga, coa mala sorte de que aquela noite andivo a furgar na miña maleta e atopou varias cousas que me comprometían: unha carta de presentación de Eugenio Montes, primo segundo meu e intelectual fascista, onde me presentaba como home de confianza de Franco



A esquerda, coa súa dona e arquivista de lembranzas, María Gloria. Arriba (3), no Ipanema cara ao desterro mexicano, con varios correligionarios de Beceña, o Requele. 3. Elixio Rodríguez. 4. Carlos Tomé. 5. Buz Rivas. 6. Andrés Valín. 7. Florencio Delgado Gomarán. 8. Ramón Cabanillas. 9. John López Durá. 10. Serafin Ferpe.

Extremadura que eu fixera mentres estaba na zona franquista. Esa mesma noite condenáronme a morte por traidor e acusáronme de estar alí para roubar un avión.

¿E como saíu desa?

Fun condenado a morte esa mesma noite. Pola mañá íanme fusilar. Estaba agardando á morte na cela 99, e escoitei unha voz coñecida. Guichei polo burato da fechadura e pareceume ver a un antigo compañeiro da infancia nos maristas de Ourense. Berreille polo mote porque non lembraba o seu nome: Coíño, Coíño... Era el, e conteille o que me acontecera. Coíño foi avisar a Castelao, Suárez Picallo e Alonso Ríos.

Sabían que non podían perder tempo. Foron ver ó Ministro de Xustiza e este falou con Indalecio Prieto, quen finalmente ordeou que se aprazase a miña execución. Castelao conseguiu que o meu caso pasara ao recién creado Tribunal de Alta Traición y Derrotismo. Durante o xuízo, coa axuda del e doutros deputados galeguistas que me defenderon, conseguiron desmontar a acusación.

E xa perdida a guerra, ¿como foi a fuxida a Francia?

Un calvario terrible, cruzando os Pirineos coa neve até a metade do corpo, enterrados, e tendo que descolgarnos polas bimbarreiras... Creo que foi aínda máis difícil a baixada que a subida. No mesmo grupo ca min viña Felisindo, un zapateiro de Bande. Dezasete membros do noso grupo morreron antes de chegar a Francia, aos campos de concentración. Polas noites había unha loita polo centro do círculo humano que faciamos sobre a fango e baixo a chuvia para darnos calor. Eu era un tipo moi delicado, e entre a chuvia, o frío, o medo e a fame, vin que morría alí. Felisindo salvoume a vida.

¿Como se foi de Francia a México?

Xa estaba traballando en París, pero Castelao quería-me en América para traballar en Solidariedade Galega. O primeiro barco que saía para América era o Ipanema, que estaba fletado polos republicanos de New York. O barco ía crubrir o traxecto de Burdeos a Veracruz, pero era moi difícil entrar na pasaxe, porque eramos 300.000 exiliados para 1.000 prazas. Removín Roma con Santiago en París para dar co home que organizaba a pasaxe do barco. Falei con el e díxome que era imposible, pero que lle deixara os meus datos por se acaso. Cando escribín o meu nome botouse a rir e deume unha aperta. Tiñan mandato de Castelao e Luis Soto para buscarme en París e levarme naquel barco a América.


¿Cando coñeceu a Castelao?

Coñecímonos en Trasalba e logo veu a Bande con Bóveda a dar un mítin na campaña polo Estatuto do 36. Castelao era moi bo falando, directo, claro e brillante. Un xenio de home. Díxonos que tiñamos que facer propaganda polas feiras pola autonomía, pero eu repliqueille que só cumpría ter un pico de ouro coma o seu. El caloume dicindo que falar en público era como tocar o clarinete: "só hai que coller ben a embocadura".

ASER ÁLVAREZ

LUÍS ALONSO

UN CADERNO DA CADEA



Na prisión de Celanova penaron miles de republicanos galegos e non galegos, desde o trágico verán de 1936. Coa publicación deste volume sae do anonimato un dos reclusos daquel mosteiro convertido en prisión: Luis Alonso Sánchez. Non foi un líder político nin xogou un papel rechamante en ningunha actividade social ou cultural. Este asturiano de esquerdas, un de tantos, era un home, moi novo daquela, que cativaba a todos pola súa simpatía, a simpatía, por outra parte, de quen respiraba bondade e xenerosidade. Nos seus anos de reclusión (39-40) foi recollendo nun pequeno álbum de dicatorias os pensamentos que suscitou entre os seus compañeiros de infortunio. Son moitos os que falan desas cualidades: xenerosidade, bondade e simpatía. É o denominador común dunha boa parte das 55 dedicatorias estampadas neste álbum singular. Trátase dunha alfaia, dunha peza única no xénero. Non sabemos de ninguén que teña publicado un texto carcerario, escrito por antifranquistas, das características do presente volume.

Luis Alonso Sánchez naceu en Oviedo o 23 de maio de 1913, cidade na que faleceu, de cancro de pulmón, o 30 de xullo de 1959. Foi ebanista, e foino con moito xeito e arte, pero exerceu tamén, con éxito notorio, de tallista e deseñador de mobles. Ó saír da prisión, a fins de 1940, estableceu un obradoiro en Vigo, obradoiro que traslada a Oviedo en 1949.

En 1941, Luis Alonso casa con Dolores Reverter, ourensá, a quen coñeceu en plena Guerra Civil, cando el estaba prisioneiro no Cumial, pouco antes de ser trasladado a Celanova. Coñecéronse en circunstancias que propiciaban a camaradería, pois aquela mocíña, ía ao Cumial a visitar a seu pai, Estanislao Reverter, tamén recluso. Por certo que Estanislao fora privado de liberdade, máis que polas súas ideas, polo feito de que un fillo seu se fugara do bando franquista e se pasara ás tropas republicanas. Era unha represalia frecuente na Galicia desas datas.

Dolores Reverter e Luis Alonso casan o 10 de agosto de 1941; residirán ata 1940 en Vigo, onde nacerán os seus dous fillos, María Dolores e Luis Eduardo. A María Dolores debémolle o exemplar único deste álbum, que ela gardou e gardará, con fervor republicano, como ouro en pano. A ela debemos tamén os datos e documentos que nos permiten achegármolos á biografía de seu pai.

Polo que me conta María Dolores, Luis Alonso, o seu pai, foi alleo a toda actividade política antifranquista. “Era home de esquerdas, moi de esquerdas, cando acababa o parte apaga a radio para non ter que oír o himno nacional (dos vencedores) e replicaba sempre: ¡Muera Franco; ¡Viva a República!”. Nesta casa e nesta literatura foi educada a miña camarada. Seu pai, fillo de mestres esquerdistas, tiña na familia persoas moi radicais, entre elas un irmán a quen os verdugos, antes de fusilalo, lle cortaron as mans polo delicto de erguer o puño diante do pelotón de execución.

Pero Luis Alonso, antes da guerra, non tivo actividades de entidade. Era un home novo, moi bo mozo, atractivo e cheo de simpatía, máis entregado a vivir que a conspirar. Nesa entrega, o éxito coas mulleres era clamoroso, e iso, en boa parte, sen teren elas a culpa, foi o que o perdeu, cando, triunfantes os sublevados, un señorito local, reconomido no fracaso persoal, esgrimiu a política contra quen, en efecto, non era de dereitas. A condena, para as arbitrariedades que se cometían na época, non foi desproporcionada: tres anos de prisión menor. Aquí empezou o exodo: O Cumial, Celanova e Vigo (mes e medio de liberdade provisional).



XESÚS ALONSO MONTERO

Este texto é un anaco do prólogo á edición facsímile do álbum *Prisión Central de Celanova (1939-40)*, *Facsímile dun álbum dos presos políticos*, publicado por *Edicións do Castro* (2003). Agradecemos a Xesús Alonso Montero e a Isaac Díaz Pardo que nos deixaran reproducir este fragmento do texto e algunhas partes do álbum.

JOSÉ VELO MOSQUERA

UN GALEGO DE ALMA



Pepe Velo de neno

“E u non esquecerei nunca de ser o que son, un galego de alma. Emporiso ando polo mundo aos tombos, coa patria prohibida polos donos da verdade”. Pepe Velo

José Antonio Manuel Velo Mosquera chega ó mundo o día 21 de abril de 1916 nun berce feliz da celanovesa rúa de San Roque, contabilizando o cuarto fillo do matrimonio formado polo ex-alcalde daquela vila, Lino Velo Castiñeiras (que tiña 76 anos cando el naceu) e Manuela Velo Mosquera (que contaba con 32 anos cando alumea ó neno José). Estudante de bacharelato, primeiro no colexio dos padres escolapios da súa vila natal e posteriormente en Monforte, será a chegada á Universidade de Santiago de Compostela, onde empeza a estudar Filosofía e Letras, a que lle serve para tomar contacto cos verdadeiros movementos iniciadores do fenómeno xuvenil galeguista.

Da man deste posicionamento político, no ano 1932 participa na constitución da Mocedades Galeguistas de Celanova, e na compañía de Celso Emilio Ferreiro e outros mozos da vila publican un boletín informativo, o semanario *Adiante*. En 1934, en calidade de conselleiro comarcal por Ourense, forma parte do Primeiro Consello Nacional da Federación das Mocedades Galeguistas. No transcurso da segunda asemblea celebrada pola Federación das Mocedades Galeguistas en Ourense, no mes de abril dese mesmo ano sae elixido secretario xeral, con Celso Emilio Ferreiro como secretario de organización, e o 24 de outubro casa con Jovita Pérez, veciña tamén de Celanova.

Xa no ano 1936 desenvolve unha importante actividade de promoción do Estatuto de Autonomía, ofrecendo mítins por toda a xeografía ourensá na compañía

de políticos da talla de Alexandre Bóveda e Castelao, empezando a destacar xa como o gran orador polo que será recordado por moitas persoas que o trataron e que asistiron a algunha das moitas intervencións públicas que realizou ó longo da súa vida.

A GUERRA CIVIL

A Guerra Civil cólleo en Celanova, e aínda que nos primeiros días é detido pola súa relación política co galeguismo, non sería mobilizado ata o ano 37 polos sublevados, sendo destinado como encargado da botica na compañía na que sirve e posteriormente beneficiado pola lei da coincidencia, ó ser tres os irmáns que se cruzan na fronte. Consegue voltar a Celanova e viaxa a Guinea, agardando o remate do conflito. O nacemento da súa filla Manuela e o feito de caer enfermo coa febre amarela devólveno de novo a Celanova para reiniciar a actividade docente, primeiro cunha academia de comercio e oposicións na praza do Millo de Celanova e posteriormente, canso de sufrir atopelos, en Vigo, cunha academia aberta co seu curmán, Castor Velo.

En Vigo coñece a Mariano Otero Castelao, co que participa na resistencia antifranquista, causa pola que son detidos en diversas ocasións. Despois de ter permanecido no penal da Torre, na Coruña, sae en liberdade condicional beneficiado polas amnistías, coa fin da Segunda Guerra Mundial. Por medo a ser detidos, acompañado de Otero Castelao, no ano 1947 foxen para Celanova, onde permanecen agochados varios meses en distintos faiados de Moreiras e Celanova ata que, vía Tourem, acaban fuxindo definitivamente cara Portugal, sendo reco-

lidos polo seu amigo da infancia, Luís López, que os traslada a Lisboa.

En Lisboa é detido pola PIDE, pero o movemento de axuda ós refuxiados da Guerra Civil, consíguelle un pasaporte de emerxencia expedido polo presidente Rómulo Gallegos, que lle serve para viaxar a Venezuela.

VENEZUELA

Durante os primeiros anos venezolanos conxuga a actividade docente en distintos centros de Caracas cunha intensa actividade social e política, tanto nos foros da resistencia antifranquista coma dentro da colectividade galega, no *Lar Galego*. É elixido secretario de relacións da Comisión *Pro Unidade Galega*. Esta actividade docente e literaria, que divulga en traballos de pequeno formato, conxúgaa cun intenso labor radiofónico na emisora *Radio Cultura*.

No ano 1956 inicia unha loita a favor dos tres colectivos sociais que ten repartidos o colectivo galego en Caracas. Participa no I Congreso da Emigración Galega en Buenos Aires, confirmando a súa posta de longo como “un gran orador emocional”. Por outra banda, no ano 1959 participa na creación da Unión de Combatientes Antifranquistas, que lidera o militar republicano Alberto Bayo e que daría lugar, poucos meses despois, ao Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL), na compañía do xeneral portugués, Humberto Delgado, deseñando diversas actuacións de sabotaxe contra intereses das ditaduras de Franco e Salazar, na compañía de Henrique Galvão e José Fernando Fernández.



Velo, soldado

OPERACIÓN DULCINEA

Estas accións cristalizan finalmente na denominada *Operación Dulcinea*, por medio da cal 24 revolucionarios españois e portugueses dirixidos por Pepe Velo, secuestran en Curaçao o transatlántico portugués *Santa María*, tentando denunciar así o grave problema que dende os anos 30 viñan sufrindo os dous pobos irmáns da península Ibérica, debido ás ditaduras de Francisco Franco e Oliveira de Salazar.


O suceso remata o día 2 de febreiro co desembarco do milleiro de persoas -entre tripulantes e pasaxeiros- que ían abordo, no porto brasileiro de Recife, onde son acollidos, en calidade de refuxiados políticos, os 24 comandos participantes na operación, polo que acaba trasladando a súa residencia con Víctor a São Paulo, onde rexenta unha librería.

En 1971 funda e dirixe a revista literaria *Paraíso 7 días* e no mes de outubro, ferido xa de morte por un cancro pulmonar, escribe o derradeiro poema *Espranza*, denantes de que o 31 de xaneiro morra no hospital “Oswaldo Cruz” de São Paulo, sendo soterrado ó día seguinte baixo a bandeira galega no camposanto de Morumbi daquela cidade brasileira.

14 DÍAS PARA UN SOÑO DE LIBERDADE

20 de xaneiro: O *Santa María* parte do porto de La Guaira, en Caracas, con 650 pasaxeiros e 350 tripulantes a bordo.

22 de xaneiro: Faltando un cuarto de hora para as dúas da madrugada o comando formado por 24 militantes DRIL, dirixidos por un triunvirato formado por Pepe Velo, Galvão e Soutomaior toman a ponte de mando e fanse co comando do barco. Na operación prodúcese un accidente debido ó que cae abatido o segundo comandante João do Nascimento Cosme, ferido de gravidade o segundo comandante José dos Reis.



Pepe con Galvão e Soutomaior



Con Castor e Víctor, os seus fillos. Abaixo, Pepe nunha finca de Minas Gerais



13 de xaneiro: O barco muda de nome e é bautizado como “Santa Liberdade”. O barco achégase ata a illa de Santa Lucía e por medio dun bote salvavidas, desembarcan ó ferido, así como a unha media lucía de pasaxeiros enfermos de menor gravidade.

14 de xaneiro: Primeiro a BBC e logo o resto dos principais medios informativos internacionais fanse eco das primeiras novas de alcance, nas que se informa de que “Un grupo de sesenta homes capitaneados por Henrique Galvão se apoderan del transatlántico portugués Santa María”.

15 de xaneiro: O goberno de Franco envía ó encontro do Santa María o cruzador “Canarias” e o goberno de Salazar ó buque de guerra “Pero Escobar”. Paralelamente o comando xeral do Santa Liberdade envía senllos comunicados á República de Ghana e a de Guinea, solicitando licenza para poder desembarcar, comunicados estes que non reciben contestación oficial de ningún dos dous gobernos.

16 de xaneiro: Os xornais de todo o mundo fanse eco de que o ideólogo de toda a operación e un galego “que se hace llamar profesor Bello”.

17 de xaneiro: O barco navega en círculos e sen un rumbo fixo, o que dificulta a súa localización por parte da VI Flota do Atlántico.

28 de xaneiro: O Santa Liberdade é localizado por un avión da Armada americana fronte as costas do Brasil, e navega custodiado polos destructores Gearing e Domato, así como polo submarino nuclear Seawolf, así como por algún outro barco da Marina brasileira.

29 de xaneiro: Comezan as conversacións do Almirante da VI Flota, Allen Smith, que derivarían nunha visita dunha delegación americano-brasileña ó barco. O capitán Maia é testemuña dunha acta de arqueo realizada na caixa forte do barco, co fin de que xuridicamente non puidese ser considerado un acto de piratería e si de sublevación política, como o Dril pretendeu dende un principio.

30 de xaneiro: O Estado Maior do Dril reúnese no salón da biblioteca do Santa Liberdade para estudar a estratexia a seguir ante a inminente reunión abordo cos responsables da VI Flota da Marina americana. Calquera acordo tería que pasar inexorablemente por recoller nun documento o carácter político da intervención.

31 de xaneiro: A bordo do Santa Liberdade ten lugar unha reunión con Velo, Soutomaior e Galvão, na que participan o segundo comandante-xefe da Flota do Atlántico, Allen Smith, o xefe do Estado Maior desa mesma Flota, Ebenezer Portes, o coma primeiro tenente de infantaría de Marir Henry Quim, o cónsul dos Estados Unidos do Estado Maior e catro mariñeiros dente de Brasil.




1 de febreiro: Janio Quadros remite dende Brasilia un comunicado ó barco, dirixido a Galvao, no que lle fai saber a concesión do dereito de asilo en territorio brasileiro. O acordo de desembarco en Recife e de entrega do barco ás autoridades brasileiras é definitivo.

2 de febreiro: O goberno brasileiro concédelle permiso ó Santa Liberdade para entrar nas súas augas territoriais. Á espera do desembarco, a 15 millas de Recife, prodúcese un conato de motín abordo, que é aplacado por un acendido discurso de Pepe Velo. Ás 11,10 da mañá, acompañado polos remolcadores “Estação de Coimbra” e o “Mestre Antonio”, o barco bota áncoras nas cercanías do peirao número dous do porto de Recife, empezando a descender a pasaxe.

3 de febreiro: Con tan só os comandos do Dril abordo e despois da celebración dun acto oficial de entrega do barco, o contraalmirante-comandante do Terceiro Distrito Naval do Brasil, Augusto Roque Dias Fernandes, e Henrique Galvão asinan un documento que definitivamente lle pon fin á Operación Dulcinea.

ANTONIO PIÑEIRO

MARGARITA LEDO, DOCUMENTALISTA A ESTELA DA SANTA LIBERDADE



O Santa Liberdade no peirao de Cádiz

SANTIAGO DE COMPOSTELA, por unha República Ibérica. Conversei con Margarita Ledo en plena recta final da montaxe do seu primeiro documental, *Santa Liberdade*. Non parecía a mesma catedrática de comunicación audiovisual e publicidade que nos trataba de “vostedes” nas aulas e recitaba profundos discursos sobre cinema, fotografía e teorías da imaxe. Non. Sería máis preciso describila coma unha directora apaixonada pola súa película. Eléctrica, porque aquela mesma mañá, a tan só un par de semanas da estrea do filme no Teatro Principal de Compostela, o servizo de mensaxería urxente extraviara unha cinta que ela esperaba para remata-la montaxe. Así que Margarita marcaba un número de teléfono tras outro, preguntaba polo envío, bromeaba, facía comentarios, enviaba e-mails coas invitacións á estrea... Tal hiperactividade contrastaba coa cautela amosada antes de comeza-la edición. Daquela, nesta entrevista celebrada na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, xa se declaraba comprometida co proceso creativo, con tódalas consecuencias: “ó longo da realización do documental varían moito a túa posición e o teu produto”.

Na porta do balcón do seu despacho podía lerse outro aviso para navegantes, nun cartel de cor vermella viva: *Perception requires involvement*. Do lado, para completar o cadro, unha pegatina de NUNCA MÁIS Lira.

–De onde vén a túa paixón polo cinema documental?

–Veño da teoría, son cinéfila, e sigo o cinema da realidade dun xeito emocional. Non choro con melodramas, senón coas personaxes dos documentais. Por iso decidín facer un filme de personaxes.

–Posiciónaste?

–Si, porque se non non se pode realiza-lo documental. Elaborei o que podemos chamar un filme partisano. Para min a única esixencia que ten o material real é que poida expresarse. Resolvo isto mediante tódalas interferencias dos materiais fronte á cámara, incluídas as personaxes, e con moito traballo de documentación. Quero dicir que o peor que pode pasar é que as personaxes falen como un libro aberto, sentadas fronte ó obxectivo. Ese é o modelo americano, no que os pais dun piloto, poñamos por caso, contan toda a vida do fillo.



Pasaxeiros do Santa Liberdade

–Como escollíche-las personaxes?

–Dos vinte e catro membros do comando que tomou o Santa María, escollín tres persoas que son liña directa do cadro de mando que dirixiu aquel evento (Federico Fernández Ackerman, Camilo Tavares Mortágua e Víctor Velo Pérez). Aquela arroutada utópica para min representa a arte pobre da política, pero foi un éxito propagandístico importante. Tratábase dun acto contra as ditaduras de Franco e Salazar, nun momento en que o mundo xa non estaba preocupado con elas. Conseguiron que Kennedy se referise a el nunha rolda de prensa, e sorprendeume a súa capacidade de negociación, porque lograron que o caso fose levado á ONU e ó Parlamento inglés. Hoxe en día perdeuse este diálogo entre diferentes. Daquela, foi unha mezcla de vontade e de casualidade, xa que houbo moito azar implicado en todo o proceso. Pero conseguiron proclamar unha República Independente, e ser acollidos polo goberno brasileiro cando todo terminou. Isto permite, ademais, trazar un retrato da xeración dos anos 60 e rebrandear a utopía hoxe. As personaxes máis utópicas son as que se apañan mellor, porque cando hai un imprevisto, os estratexas políticos véñense abaixo. Sen embargo, os utópicos non, porque lle dan a volta ó azar.

–Como realizache-las entrevistas?

–Moita xente recomendoume que levase a cámara desde o inicio, porque o que o entrevistado che di unha vez xa non o vai a repetir igual nunca máis. Pero eu non podo levar unha cámara no primeiro encontro. Para min non é un sistema de aproximación válido. Prefiro realiza-las primeiras entrevistas sen cámara. Así, o que o documental perde en espontaneidade gáñao en profundidade

–Traballas cun guión previo?

–Hai outro punto importante, que é a relación entre o material directo e o arquivo. Iso implica cambios no guión. No filme, as personaxes non se viron en corenta e dous anos. Permanecen separadas até o final, e de súpeto prodúcese un encontro entre eles. É un momento irrepitible para o cinema. Nun principio, íanse xuntar nunha especie de remake da cena que se celebrou no barco antes de chegar a Recife. Pero achamos material de arquivo onde estaban en Campinas de Sao Paulo, entrenándose nunha chácara para continuar coas súas accións. Entón, decidimos que este fose o punto de encontro. Hai que estar alerta ó longo da realización do documental, porque varían moito a túa posición e o teu produto. Pero iso non quere dicir que non haxa que ter un guión. É necesario, porque senón a realidade fagocítate.

A ARTE POBRE NAVEGA DE NOVO

En palabras de Margarita, a arte pobre da política levou a un grupo de piratas da liberdade, antifascistas galegos e portugueses, a secuestrar o navío Santa María e trocalo en Santa Liberdade pola causa irrenunciábel da República Ibérica no ano 1961. Esta acción contra Franco e Salazar resucita por obra e gracia da arte máis pobre do cinema, o documental. O filme iníciase cunha reveladora cita do poeta Antón Avilés de Taramancos: “A rosa non existe ate que a nomeas”.



Liberdade” surca os fotogramas dunha situación complexa, as augas procelosas da xeopolítica de onte e de hoxe. O barco é asaltado por preguntas e reflexións do mesmo comando que outrora tomou a súa ponte de mando, e ofrécelle ó espectador un inquedaante retrato de si mesmo, para todo aquel que ouse adentrarse no mar da memoria tras a estela da liberdade.

FICHA TÉCNICA
SANTA LIBERDADE

DIRECCIÓN E GUIÓN

Margarita Ledo

MÚSICA



Manuel Rodeiro

DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA

Luís Abramo Campos e Rui Poças

ÓSCAR CURROS

AUSENTE NA LEMBRANZA DO SEU POBO



Se a Real Academia non decidira, seica con algunhas voces en contra, dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano 2005 a este gran descoñecido, a figura de Xesús Manuel Lorenzo Varela seguiría pasando desapercibida para este país ingrato e desmemoriado.

Fillo de emigrantes de Monterroso (Lugo), Lorenzo Varela nace no mes de agosto de 1916, a bordo dun dos moitos barcos que chegaban á Habana cargados de emigrantes galegos, retornando a Galicia coa súa nai cando aínda era un neno. En Lugo estuda o bacharelato e participa na fundación das Mocidades Galeguistas, con destacados membros da súa xeración, dando tamén os primeiros pasos como poeta e crítico literario.



En 1935 trasládase a Madrid para estudar Filosofía e Letras. Nese fervedoiro prebélico que é a capital de España, Varela afortala o seu compromiso cultural e político, participando na novedosa e prometedora experiencia educativa das Misións Pedagóxicas, xunto con outros intelectuais de esquerda cos que coincide na Alianza de Intelectuais Antifascistas en Defensa da Cultura, e colabora co grupo de Poetas Andantes e Navegantes e no xornal El Sol. Este compromiso político medra en intensidade empurrado polas circunstancias políticas. Co estoupido da Guerra Civil, Varela afíliase ao




Partido Comunista, faise comisario político (o máis novo de España) e combate o fascismo organizando e colaborando na elaboración de revistas e xornais onde publica romances populares para os combatentes republicanos.

Coa derrota da República Española metida no peito, Varela ten que exiliarse en México, onde retoma o seu traballo literario en importantes revistas da época. En 1941 viaxa a Bos Aires, onde se reúne cos vellos amigos do exilio, voltando coller pulo a súa produción literaria e xornalística, e inicia unha brillante traxectoria poética en galego que combina a preocupación estética e mailo compromiso social. Nestes anos publica *Catro poemas para catro gravados* (1944), unha obra na que poemiza con mestría sobre catro gravados de Luís Seoane, home que exerceu unha potente influencia galeguista sobre a ideoloxía de esquerdas e progresista de Varela.

A este libro síguenlle os poemarios en galego *Lonxe* (1954), no que se mesturan o lirismo, a dor do exilio, a saudade da terra e a protesta social, e *Homaxes*, poemario que foi publicado en 1979 por Edicións do Castro, edición na que traballaba Luis Seoane cando lle chegou a morte. Da súa produción en castelán hai que destacar *Torres de Amor* e outros poemas recollidos en distintas publicacións.

A represión política en Arxentina tralo golpe de estado de Videla do 76, obrígaos a acelerar o seu retorno a Galicia, onde é acollido con indiferenza e descoñecemento xeral, salvo honrosas excepcións, coma a de Isaac Díaz Pardo e algún outro. Coa axuda dalgúns amigos continúa traballando en novos proxectos xornalísticos, entre eles o *Instituto Galego de Información* e o *Xornal Galicia*, un diario en galego que ía dirixir Varela e que, por diversas circunstancias, non chegou a materializarse. Xa con graves problemas de saúde ás costas, pois tiña que deixar o alcol e o tabaco, suicidouse a grolos de whisky unha fría noite madrileña de outubro de 1978, na derradeira decisión radical da súa vida ante a vaciedade do país. No seu enterro, uns cantos amigos e un epitafio: Aquí xaz o poeta Lorenzo Varela (1916-1978) presente na lembranza do seu pobo.

Galicia recupera agora esta figura das nosas letras dándolle o merecido recoñecemento que non recibiu en vida. Só queda agradecerlle a Isaac Díaz Pardo a edición de toda a obra do autor ao que hoxe homenaxeamos no Día das Letras Galegas do 2005, e o seu traballo a prol da identidade galega.



REDACCIÓN ARRAIANOS



EDICIÓS DO CASTRO
DO GRUPO SARGADELOS

SADA-CORRUTA Tfno: 62 82 01 e 62 89 37 - Fax: 62 34 04

LIBROS GALEGOS FEITOS EN GALIZA

- Pra recuperar a nosa memoria histórica.
- Pra estudar a nosa realidade presente.
- Pra espallar as nosas formas culturais.

NOVIDADES

- **CATRO POEMAS GALEGOS** (edición facsimilar)
Premas de Lorenzo Varela, gravados de Luis Seoane
- **LONXE** (edición facsimilar)
Lorenzo Varela



CONCELLO DE ENTRIMO

Praza do Concello nº 1 Terrachán-32860

ENTRIMO

concello.entrimo@eidolocal.es

TFNO- 988 43 46 66

AUTOS PERDIZ, S.L.

RUTAS CON GUÍA
LEBOREIRO-XURÉS-BARROSO

Móbil- 640 46 82 80
Tfno/Fax- 988 43 64 26



HOTEL LUSITANO RESTAURANTE

Tel: 988 44 00 25 - Fax: 988 44 00 00
Web: 056 82 94 05 LORROS (Ourense)

EL PORTÓN DE CURROS S.L.

Haquiel Hernandez Guntoran

VIDRIERAS EMPLOMADAS Y ELEMENTOS DE ILUMINACIÓN
Curra Enriquez 58
Celanova
Tfno- 988 48 18 30



Terrachán-Gra. Rev. 6161 - 0- 988 256 20 1487 CELANOVA

Ferretería MARCIAL

Marcial Rodríguez Montes

C/ San Roque nº 1
Tel - Fax 988 43 15 22
C/O- 9111-PLANÓVAL - Celanova



animacenes **TODO**

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
FERROTERIA - COLECCIÓN CUBO - SAN LUIS - INSTALACIONES

Construccion Limpia, Rápida y segura. P.V.

Observatorio:
C/ de E. B. nº 7 - TEL: 988 43 27 00
Tel: 988 11 00 CELANOVA
Atado Provincial
C/ de Duques - TEL: 988 81 11 11



Celanova Pardo Souto - Tel: 988 43 16 50 - CELANOVA
Rías Baixas 1 - Tel: 988 43 16 30 - CELANOVA
C/ 2 de Maio nº 22 - Tel: 988 43 16 70

TERRAZA

AGARIMO

Praza Maior, nº4

Tel. 988 45 16 73




Celanova

Chapistería O CERCADO

Celanova

Tfno-Fax- 988 45 12 85

PORTICO




CELSE EMILIO FERREIRO 10 CELANOVA OURENSE

BAIUCA

PRAZA DO MILHO / CELANOVA

Plaza café-bar

PRAZA MAIOR 12 / TEL: 988 43 15 85 / CELANOVA



BENVIDOS AO CONCELLO DE A BOLA

Unha terra por descubrir

HISTORIA E NATUREZA ABERTA A TODOS